

H. Monteagudo (2009): “A elaboración do galego escrito no período primitivo”, *Estudos de lingüística galega* 1, 85-111.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# A elaboración do galego escrito no período primitivo

Henrique Monteagudo

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

Recibido o 03/10/2008. Aceptado o 03/12/2008

## The development of written Galician in the earliest period

### Resumo

No presente traballo ofrécese unha análise scripto-lingüística dunha serie de textos producidos en Galicia entre ca. 1225 e 1254, lidos directamente sobre os orixinais, e que mostran diversos graos de aproximación á escrita plenamente romance e galega que se ía xeneralizando nas últimas décadas do século XIII. O obxectivo do estudo é afondar no estudo dos aspectos scriptolingüísticos do proceso de transición que abocou ao xurdimento da *scripta* galega medieval, atendendo tanto ao plano grafemático coma ao propio da lingüística. Os aspectos que se consideran decisivos nesa análise son: 1) o grao de interlectalismo, tanto latino-galego como interromance (fenómenos de interferencia lingüística, alternancia e mestura de códigos); 2) a progresiva autonomía do sistema grafemático romance, de base fonográfica; 3) a selección congruente de variantes lingüísticas galegas típicas (frente a variantes periféricas). Seguindo o anterior, propomos distinguir as seguintes modalidades de escrita de transición: a) heterónoma galego-latina, b) semi-heterónoma galego-latina, c) semi-autónoma galega, d) autónoma 'típica', e) galega periférica e fronteiriza, f) interromance alternante ou interferida. O foco do estudo debrúzase sobre as modalidades a), b) e c), que están no cerne do proceso de transición, e que aparecen caracterizadas conforme os criterios devanditos.

### Palabras chave

Historia do galego-portugués, período medieval (ca. 1225-1254), emerxencia da escrita romance en Galicia, contacto latín/galego, galego/leonés, galego/castelán

### Sumario

1.1. Tipoloxía interlectal dos textos de transición: interglossia. 1.2. Tipoloxía grafemática dos textos de transición: autonomía. 1.3. Tipoloxía idiomática dos textos de transición: individualización. 1.4. Tipoloxía diplomática dos textos de transición: basografía. 2.1. Escrita heterónoma galego-latina (textos nº 1 e 4). 2.2. Escrita semi-heterónoma galego-latina (textos nº 5, 7 e 8). 2.3. Escrita semi-autónoma galega (textos nº 10 e 36). 3. Elaboración da escrita galega autónoma (textos nº 2 e 3). 4. Escrita periférica (galego oriental) e fronteiriza (nº 9 e 14 / 15). 5. Conclusións.

### Abstract

This article presents a scripto-linguistic analysis of a set of texts produced in Galicia between c. 1225 and 1254, read directly from original manuscripts, which exhibit various degrees of approximation to the fully Romance and Galician spelling that was adopted generally by the end of the thirteenth century. This study considers two scripto-linguistic facets of the transition process that led to the emergence of Medieval Galician spelling by examining both the graphemic level and the strictly linguistic level. The most important aspects taken into account in this analysis are: 1) degree of either Latin-Galician or inter-Romance interlectalism (phenomena of linguistic interference, alternation and code-mixing), 2) progressive autonomy of the phono-graphic-based Romance graphemic system, and 3) congruent choice of typical Galician linguistic variants (as opposed to peripheral ones). In terms of these criteria we will distinguish the following types of transitional spelling: a) heteronomous Galician-Latin spelling, b) semi-heteronomous Galician-Latin spelling, c) semi-autonomous Galician, d) autonomous 'typical', e) peripheral and border Galician, f) inter-Romance with alternation or interference. The present study focuses on stages a, b and c which are central to the transition process and which are characterised in terms of the aforementioned criteria.

### Keywords

History of Galician-Portuguese, mediaeval period (c. 1225-1254), emergence of Romance spelling in Galicia, Latin-Galician, Galician-Leonese and Galician-Castilian contact

### Contents

1.1. An interlectal typology of transitional texts: interglossia. 1.2. A graphemic typology of transitional texts: autonomy. 1.3. An idiomatic typology of transitional texts: individualisation. 1.4. A diplomatic typology of transitional texts: basography. 2.1. Heteronomous Galician-Latin spelling (texts 1 and 4). 2.2. Semi-heteronomous Galician-Latin spelling (texts 5, 7 and 8). 2.3. Semi-autonomous Galician spelling (texts 10 and 36). 3. The development of autonomous Galician spelling (texts 2 and 3). 4. Peripheral spelling (eastern Galician) and border spelling (texts 9 and 14 / 15). 5. Conclusions.

O proceso de emerxencia dos romanzos na escrita vén concitando un interese crecente. Refe-ríndonos soamente a algúns dos traballos recentes de maior relevancia para o ámbito galego-portugués, debemos mencionar entre outros os contributos de Ana Maria Martins (1999, 2001, 2004, 2007, Martins / Albino 1997), Ivo Castro (2004) e António Emiliano (2003 e 2004) para o dominio portugués, os de Ramón Lorenzo (2004 e 2007) e Ana Isabel Boullón (2004, 2005 e 2007) para o dominio galego, e os de J. A. Souto Cabo para ambos os dous (2003a,b; 2004a,b e 2006). A colectánea de estudos realizados co gallo do Simposio *Na nosa lingoage galega*, que recentemente veu a lume (Boullón 2007) dá cumprido testemuño dos avances na materia, dos proxectos en curso, dos debates abertos e das tarefas pendentes<sup>1</sup>.

O autor destas liñas tamén se ten debruizado sobre algúns aspectos relacionados coa cuestión en foco (Monteagudo 2007, 2008a, 2008b e 2008c), e desde 2004 vén traballando en colaboración con Ana Boullón na edición dunha colleita de textos do período primitivo que inclúe a totalidade da produción de prosa instrumental en galego anterior a 1256 que chegou a nós, e unha escolla da aparecida entre este último ano e 1260. Esta colectánea, que proximamente virá a lume (Boullón / Monteagudo no prelo), constitúe a base primaria do presente traballo<sup>2</sup>. Na devandita colección ofrécese unha edición filolóxica de cincuenta documentos lidos directamente sobre os orixinais. A partir da submostra dos textos máis antigos desa colectánea, producidos entre 1225ca. e 1254 (nº 1 ao 18)<sup>3</sup>, na presente contribución visamos ofrecer unha aproximación ao proceso de elaboración do galego escrito no período de emerxencia, coa finalidade de analizar o progresivo avance na definición da *scripta* galega medieval, chamando a atención sobre aqueles aspectos dese proceso que nos parecen máis relevantes<sup>4</sup>.

Como sinalamos noutro lugar (Monteagudo 1999: 84-113), concibimos o proceso de constitución do romance galego na idade media a partir dun estadio protorromance difuso como un movemento evolutivo de progresiva focalización en dous sentidos interrelacionados: (a) a definición no eixo 'vertical', isto é, de destaque e autonomización do romance fronte ao latín; (b) a definición no eixo 'horizontal', isto é, de *individuación* do galego-portugués fronte a outros romanzos, no noso caso fronte ao leonés e o castelán<sup>5</sup>. Como é sabido, neste proceso de focalización do romance, a emerxencia dunha *scripta* galega autónoma xogou un papel clave: obviamente, este será o aspecto que reclame a nosa atención no presente contributo.

En efecto, a escrita do período de transición pode caracterizarse pola extrema *difusividade* ou *borrosidade*, á que van intimamente vencellados outros dous trazos: (a) a súa rechamante inestabilidade, incluso no interior dun mesmo texto, (b) un elevado grao de *interlectalismo*

<sup>1</sup> Da dita colectánea, son especialmente relevantes para o presente traballo, ademais do contributos dos autores xa citados (Martins, Lorenzo e Boullón), o de Álvarez Blanco (2007) sobre os dialectalismos nos textos do período de emerxencia, o de Rodríguez Parada (2007) sobre os textos fronteirizos galego-leoneses, e o de Cabana / Gutiérrez (2007) sobre os textos do período de transición.

<sup>2</sup> Éme moi grato deixar constancia da débeda de gratitude contraída coas queridas colegas, as profesoras Ana Boullón e Rosario Álvarez, que realizaron unha lectura minuciosa do presente artigo e tiveron a ben facer suxestións para a súa mellora. Isto non as fai en absoluto solidarias das opinións controvertidas, erros ou omisións que este poida conter, que son de exclusiva responsabilidade de quen o asina.

<sup>3</sup> Ofrecemos a lista dos textos aquecentes nunha táboa ao final do presente artigo, cunha numeración a que remitiremos ao longo deste, a cal corresponde coa que teñen na colectánea. Teremos en conta un texto posterior a 1254 (o nº 36 da dita colectánea, de 1257), pola razón que se dará no seu lugar. O texto nº 6 non é un orixinal, xa que debeu de ser labrado en 1239, pero é transmitido en copia de 1242. A proximidade da copia ao orixinal e a súa antigüidade decidiunos a incluílo na colectánea e no presente estudo.

<sup>4</sup> Xa que logo, non nos propoñemos presentar aquí unha clasificación e caracterización do abano completo de tipos de escrita que se manifestan nos textos producidos en Galicia e Portugal entre 1150ca. e 1260ca. (datos que *grasso modo* marcan os límites do período de emerxencia do romance), senón que nos imos concentrar en textos galegos do período 1225ca.-1253, datas estas que, segundo todos os indicios, enmarcan unha fase crítica, decisiva, daquel proceso.

<sup>5</sup> O proceso de individuación mutua do portugués *versus* o galego é posterior. No plano da escrita, ao noso ver, arrinca coa adopción dos grafos <lh> e <nh> pola chancelaría de Afonso III O Bolonhês, por tanto, da segunda metade do século XIII.

ou *interglosia* dos textos<sup>6</sup>. Por *difusividade* entendemos un estado magmático de indefinición idiomática, asociada a unha elevada borrosidade da consciencia lingüística e á ausencia de modelos reconecidos que permitan identificar variedades lingüísticas e idiomas claramente distintos. Como dixemos, á difusividade vai asociada a *inestabilidade*, noción en que acollemos dous aspectos complementarios: (a) no que atinxe á selección de variantes dos distintos planos da lingua (sobre todo, no morfofonolóxico), o fenómeno da variación maniféstase cunha intensidade moi elevada e nun espectro de dispersión extraordinariamente amplo, e (b) á hora de procurar unha representación gráfica destas variantes, rexístrase unha grande inconstancia, co resultado dunha extrema irregularidade ou anisomorfismo na relación entre unidades do plano gráfico e unidades do plano fónico.

Por parte, outro fenómeno ligado á borrosidade lingüística característica dos textos do período de transición é o que podemos denominar *interlectalismo* ou *interglosia*. Esta noción refírese tanto á copresenza nun mesmo texto, e mesmo nunha mesma unidade sintáctica, de formas adscribíbles (ao menos desde fóra e *a posteriori*) a distintas variedades –no caso aquecente, sobre todo latín e romanzo–, coma á aparición de variantes híbridas, nomeadamente vocábulos que resultan da combinación de compoñentes (por caso, unha raíz e un sufixo ou desinencia) que corresponden a diferentes variedades lingüísticas ou idiomas.

Cando falamos de *scripta* galega medieval estamos a pensar en dous aspectos distintos, de aí o termo composto *scriptolingüístico*: dunha banda, a compoñente grafemática (*scripto-*), doutra banda, o sistema lingüístico subxacente. No plano gráfico, o proceso conduciu ao establecemento dun sistema grafemático autónomo para a representación do romanzo de tipo fonográfico, isto é, caracterizado por unha relación unha-a-unha entre unidades fónicas e unidades gráficas. No plano propiamente lingüístico, o proceso decantouse cara á selección sistemática de formas e construcións especificamente galegas na fonética, na morfosintaxe e no léxico. O proceso de focalización que desemboca na constitución da *scripta* galega medieval tamén implica unha progresiva estabilización e mais a redución, delimitación e finalmente eliminación dos fenómenos relacionados coa *interglosia*.

A nosa análise da *scripta* do período de emerxencia do galego vai atender, por tanto, a tres aspectos, estreitamente interrelacionados, aínda que claramente discernibles: a) a autonomización do romanzo fronte ao latín, especialmente no plano grafemático; b) a individuación do galego fronte aos romanzos veciños, especialmente no plano propiamente lingüístico; c) a compactación idiomática dos textos, coa tendencia á redución da *interglosia*.

### 1.1. Tipoloxía interlectal dos textos de transición: interglosia

Comezaremos polo fenómeno que denominamos *interglosia*. Como noutro lugar sinalamos, a noción de *interglosia* abrangue dúas modalidades distintas de combinación de formas e construcións de dúas (ou máis) variedades lingüísticas (Monteagudo 2007: 288-90):

- a) a *interferencia* lingüística, isto é, o emprego nun texto producido nunha determinada variedade, de elementos (formas ou estruturas) procedentes doutra;
- b) a *hibridación* propiamente dita, que constitúe unha modalidade específica de interferencia, consistente na aparición, como resultado de combinacións das variedades en contacto, de formas ou construcións previamente inexistentes (ás veces oportunistas e de vida efémera): combinacións heteroglósicas de raíces e sufixos, ou de temas e desinencias, calcos semánticos ou de construción, ultracorreccións, reanálises...

<sup>6</sup> Sobre a noción de *interlectalidade* e os fenómenos conexas, véxase Monteagudo 2004: 387-88 e 416-22; máis en concreto sobre o período de emerxencia, Monteagudo 2007: 289-94, onde empregamos o termo *interglosia*.

A aparición de fenómenos de interferencia e hibridación pode dar lugar a dous tipos de fenómenos no nivel dos textos:

- a) a *alternancia* de códigos (*code switching*), isto é, a utilización alternante nun texto de dúas variedades lingüísticas, ou, dito doutro xeito, a combinación de enunciados ou unidades sintácticas máis ou menos amplas, cada unha delas composta homoxeneamente nunha determinada variedade (obviamente, adoito aparecen tamén interferencias e formas híbridas);
- b) *mestura* de códigos (*code mixing*), isto é, a utilización no interior dun mesmo sintagma –isto é, nunha mesma oración ou ben noutra unidade sintáctica de rango inferior á oración– de formas e/ou construcións adscribíbles a distintas variedades ou idiomas e mais de formas híbridas.

Na práctica, os distintos tipos de fenómenos sinalados están estreitamente interconectados, e nos enunciados reais adoitan aparecer, máis ou menos profusamente, de forma conxunta.

Xa en referencia aos textos do período aquecente, Souto Cabo propuxo a seguinte tipoloxía textual para o período de emerxencia: “a) textos latinos com segmentos compactos em vernáculo, b) textos latinos, ou de adscrição idiomática imprecisa, caracterizados por uma presença geral, mais difusa, de elementos vernáculos, c) textos romances, contendo em maior ou menor grau resultados exclusivamente latinos” (2003a: 332)<sup>7</sup>. Pola nosa banda, segundo as precisións que acabamos de explicitar, distinguiríamos:

- A. *Textos latino-galaicos, con interferencias*: na maior parte dos textos escritos latinos da época –isto é, que están redactados nun latín medieval ben definido, ou falando con maior precisión, no rexistro notarial do latín medieval galaico– verifícanse fenómenos de interferencia de formas e construcións romances (Lorenzo 2003). En particular, nalgúns textos notariais latino-galaicos dos séculos XII e XIII, moitos ou incluso a maior parte dos topónimos, os nomes de persoa e algúns vocábulos (sobre todo, neoloxismos e termos especializados), aparecen escritos en formas híbridas ou de xeito plenamente fonográfico. Neste caso trátase de interferencias lingüísticas, que poden atoparse en distintos estadios de xeneralización de uso no rexistro escrito, e por tanto de integración no latín notarial.
- B. *Textos translectais* ou *difusos* propiamente ditos: textos extremadamente borrosos, na sintaxe e no léxico basicamente romances, na morfoloxía dubidosos, pero que poden estar escritos en parte ou en todo con roupaxe gráfica latina ou semilatina –unha roupaxe que atinxe fundamentalmente á relación entre os planos fónico e gráfico, e parcialmente á morfoloxía–, alén de concesións ao latín no vocabulario e en certas fórmulas máis ou menos estereotipadas. Estes textos adoitan ser ricos en fenómenos de interglosia, chegando á combinación de alternancia e mestura de códigos, salferidos códigos, cada un destes á súa vez salferidos. Na nosa colectánea, corresponden a esta categoría os textos nº 1 (con alternancia de códigos mixtos), nº 4 (con interferencias de formas híbridas e outras puramente galegas), nº 5 (tamén con alternancia de códigos mixtos e hibridismo), nº 7 e 8 (inzados de formas híbridas), nº 11 e 13 (con alternancia latín / romance, interferencias e formas híbridas).
- C. *Textos bilectais* ou *parcelados*: constitúen unha modalidade específica de textos alternantes, en que as dúas variedades lingüísticas copresentes son utilizadas en distintas seccións de xeito máis ou menos estanco. Nomeadamente, nos documentos notariais o latín apa-

<sup>7</sup> Porén, este autor non volveu sobre ela en traballos publicados posteriormente.

rece nas seccións formularias, sobre todo de inicio e remate do documento (protocolo e escatocolo), e o romance nas seccións do corpo non formulario (o teor ou parte dispositiva do documento). Obviamente, o biletalismo tamén se pode dar entre dúas variedades romances. Nos textos biletais, aínda que frecuentemente aparecen outros fenómenos asociados ao interlectalismo (mestura e hibridación), as dúas variedades en presenza adoitan aparecer nun estadio relativamente ben definido. De feito, a parcelación, a diferenza da simple alternancia de códigos, implica unha relativa especialización funcional dos códigos lingüísticos, e por tanto, un grao notable de individuación de cada un deles. Na nosa colectánea corresponden a esta categoría os textos nº 3 (o latín no protocolo e escatocolo, pero non totalmente parcelado, pois entra no inicio do teor), nº 9 (a parcelación é imperfecta, pois o latín alterna nun lugar do texto, o teor está en galego periférico con interferencias leonesas e castelás), nº 6 (con interferencias castelás no texto galego, e parte do escatocolo en latín), nº 10 (o latín no escatocolo), nº 12 (protocolo e escatocolo en latín, texto en galego con interferencias do castelán), nº 14 (protocolo e data en latín, teor en galego fronteirizo co leonés) e nº 16 (escatocolo en latín, coa subscrición e a data, texto en galego).

- D. *Textos galegos interferidos, co latín e/ou con outros romances*: trátase de textos basicamente galegos, cunha alta definición da lingua, con certas concesións ao latín (uso de fórmulas fosilizadas ou ritualizadas) e aparición de interferencias latinas ('puras' ou híbridas); e/ ou, no seu caso, con interferencia de formas doutros romances (nomeadamente, do leonés e do castelán). Na nosa colectánea corresponden a esta categoría os textos nº 2 (pode considerarse parcelado, pois ten a data en latín), nº 15 (comeza cunha *salutatio* en latín, e ten carácter fronteirizo, galego-leonés), nº 17 (a data e a subscrición notarial en latín), e nº 18 (todo en galego, de carácter periférico).

Por razóns obvias, no presente traballo vannos interesar os tipos B, C e D, e de xeito moi particular o primeiro deles.

## 1.2. Tipoloxía grafemática dos textos de transición: autonomía

Distinguimos antes dous eixos de focalización da *scripta*, vertical e horizontal, e dúas compoñentes, a grafemática e a lingüística. Nos dous eixos contan entrambas as compoñentes, pero entendemos que no eixo de definición vertical a crucial é a grafemática (ou, mellor dito, neste eixo a compoñente *lingüística* vai intimamente presa á *scripto*-)<sup>8</sup>, mentres que no eixo de definición horizontal a máis relevante é a compoñente propiamente lingüística (ou, mellor, a *scripto*- vai da man desta).

A investigadora Ana Maria Martins (1999) ofrece unha achega inicial moi importante cara á distinción de tipos scriptolingüísticos no período de emerxencia, ao sinalar a existencia de dúas tendencias no proceso de constitución da *scripta* romance portuguesa, unha conservadora e outra innovadora, unha observación da cal nós mesmos subliñamos os presupostos sociolingüísticos (Monteagudo 2007: 294-98). Aquí imos tentar afondar neste punto, pero atendendo máis ao aspecto lingüístico. Como hipótese de partida, que posteriormente iremos matizando, pódese postular a existencia dun *gradatum* interescritural (*sit venia verbo*) nos dous extremos do cal se situarían dunha banda o sistema de escrita latina medieval (que se manifesta plenamente no tipo A que acabamos de distinguir máis arriba), e doutra banda, o sistema de escrita romance galega (que se manifesta plenamente no tipo D). Deixando á parte

<sup>8</sup> Independentemente das distintas posicións sobre o asunto, a maioría dos estudosos están contestes na importancia da constitución dun sistema grafemático autónomo de tipo fonográfico no recoñecemento no proceso de individuación (e, por tanto, de recoñecemento) do romance galego como idioma de seu fronte ao latín (Monteagudo 2007: 286-98). En particular, nós adherimos á tese de que o punto crítico na emerxencia do romance radicou no establecemento dun sistema de escrita autónomo, en que as unidades do plano gráfico (grafemas) corresponden, ao menos laxamente, con unidades do plano fónico (fonemas).

o primeiro, distinguiríamos os catro seguintes tipos grafemáticos, dos cales os tres primeiros constituirían os tipos de transición propiamente ditos:

- a) Escrita heterónoma galego-latina: textos nº 1, 4, 11 e 13 da nosa colectánea (coas precisións que máis adiante faremos).
- b) Escrita semi-heterónoma galego-latina (non elaborada): textos nº 5, 7 e 8.
- c) Escrita semi-autónoma galega (semi-elaborada): textos nº 10 e 36.
- d) Escrita autónoma galega (elaborada): seccións galegas dos textos nº 2, 3, 16 e 17.

Como se pode ver, os textos que corresponden aos tipos grafemáticos a) e b) van incluídos no tipo interlectal B (textos difusos ou translectais). Os dos tipos grafemáticos c) e d) corresponden aos interlectais C e D. Doutra banda os textos nº 6, 9, 12, 14, 15 e 18 da nosa colectánea que non son incluídos nas devanditas categorías grafemáticas, corresponden a exemplos de escrita romance autónoma, pero non estritamente galega, como veremos axiña, e inclúense tamén nos tipos interlectais C e D.

### 1.3. Tipoloxía idiomática dos textos de transición: individuación

Canto ao segundo eixo, de definición horizontal, como antes apuntamos, o problema colócase de xeito distinto, pois o aspecto máis relevante non é tanto o grafemático canto o propiamente lingüístico. Isto é, o grao de definición da base idiomática do texto, a escolla *congruente* de formas que correspondan (nos planos léxico, morfosintáctico, fonolóxico) a unha variedade galega 'típica' –por oposición á combinación de formas galegas e non galegas, ou a escolla de variantes galegas atípicas (periféricas), fronteirizas ou directamente non galegas–. Neste senso, coidamos que se deben distinguir dous aspectos distintos:

- a influencia de modelos textuais e scripto-lingüísticos centro-peninsulares, casteláns e (en menor medida) leoneses, relacionada coa traxectoria que seguiu a innovación que supuxo o cultivo do romanzo na prosa instrumental, unha innovación que chegou ao noroeste desde o centro da Península (véxase Monteagudo 2007);
- a emerxencia na escrita de variedades periféricas e mesmo fronteirizas, fenómeno este de carácter ben diferente ao anterior, pois asóciase simplemente á ausencia de centros con suficiente potencial de elaboración e irradiación de modelos lingüísticos para a escrita en galego (e en leonés), e por tanto, á carencia de modelos *típicos* de galego escrito (véxase Rodríguez Parada e Méndez 2007).

No que se refire a este, ademais do tipo (d) que antes establecemos, e que acollería os textos máis próximos ao galego 'típico' (subsistema caracterizado por un conxunto amplo e congruente de trazos propios e distintivos do galego fronte a outros romanzos), podemos distinguir outros tres tipos dentro dos textos da nosa colectánea:

- e) Textos escritos en modalidades periféricas do galego: nº 9 e 18.
- f) Textos escritos en modalidades fronteirizas (galego-leonesas): nº 14 e 15.
- g) Textos alternantes galego-castelán: nº 6 e 12.

No caso do tipo (e), atopámonos fronte a modalidades do galego oriental, con trazos lingüísticos periféricos no galego, varios deles compartillados co asturleonés; e nese senso tamén susceptibles de ser consideradas de *transición* horizontal. No caso do tipo (f), atopámonos fronte a modalidades lingüísticas estritamente fronteirizas, por canto mostran trazos típicos do

galego fronte a outros típicos do leonés. Nestes dous casos, a *scripta* ten unha base lingüística que corresponde *grosso modo* a unha variedade diatópica da lingua falada, aínda que ocasionalmente se dan fenómenos de mestura (aparición de formas alleas a esa base, e mesmo dalgúns híbridos). O tipo (g) responde a unha lóxica diferente: por vía da regra, os que están involucrados son fenómenos de interferencia e alternancia de códigos, que en parte son reflexo dunhas determinadas prácticas escriturarias (seccións formularias en castelán / teor do texto en galego), e en parte responden a fenómenos circunstanciais que facilitan a aparición de interferencias lingüísticas. Por caso, no texto n° 6, que nos chegou en copia, os castelanismos poden deberse a que un orixinal galego foi castelanizado ao experimentar o traslado, ou, inversamente (pero menos probablemente), un orixinal en castelán foi 'agalegado' polo copista.

No que vén a seguir, imos tentar caracterizar as modalidades (a), (b), (c) e (e), e só a efectos de contraste, as modalidades (d) e (f), fundádonos para tanto na análise dalgúns textos da nosa colectánea (non todos os citados) que nos parecen especialmente representativos. Dado que a nosa edición aínda non veu a lume, ao final do artigo remitiremos ás edicións dos textos actualmente dispoñibles, aínda que, loxicamente, na análise que efectuamos e para os exemplos que ofrecemos, partimos da nosa propia lectura.

#### 1.4. Tipoloxía diplomática dos textos de transición: basografía

Para rematar con esta introdución, é obvio que, como teñen sinalado outros estudosos (véxase en particular Marting 1999: 499-504 e 2001: 36) existe unha correlación perceptible entre as características scriptolingüísticas dos textos e os tipos diplomáticos aos que se adscriben<sup>9</sup>, unha correlación que noutro lugar quixemos pór de relevo mediante as nocións de *acrografía* e *basografía* (Monteagudo 2007: 294-98). Na presente ocasión non nos interesa afondar neste aspecto, pero en todo caso cómpre salientar que entre os textos vertentes resulta especialmente significativa a abundancia de tipos específicos de diploma coma a *inquisitio* ou enquisa (n° 1, 4, 8), o testamento (n° 3, 5 e 6), a enfiteuse ou contrato de foro (n° 9, 11 e 13) e a doazón (n° 12, 14, 15 e 18); engádanse a estes cadanseu exemplo de contrato de compra-venda (n° 2), sentenza (n° 7), pacto de benfeitoría (n° 10) e unha quitazón ou retirada de demanda (n° 17).

En conxunto, practicamente todos eles son ou documentos probatorios (nótese sobre todo as enquisas e os testamentos) e/ou documentos de dereito privado (nótese o foro e a doazón). É de subliñar tamén que, significativamente, boa parte dos textos máis antigos (cinco dos dez anteriores a 1250) carecen de subscrición notarial: n° 1, 4, 5, 6<sup>10</sup>, 8. Obviamente, todo o devandito nos remite máis ben ao campo da basografía, pero aínda así resulta interesante salientar que os textos que presentan unha maior definición do romance (n° 2, 3 e 14-18), presentan todos eles subscrición notarial, e, en xeral, ofrecen unha cualidade escrituraria notablemente superior aos restantes.

#### 2.1. Escrita heterónoma galego-latina (textos n° 1 e 4)

Como mostra das características da escrita heterónoma galego-latina, imos ofrecer unha análise scriptolingüística dos textos n° 1 e 4, que datamos en 1225ca. e 1235ca. respectivamente (é de notar que, como deixamos sinalado, ambos os dous carecen de subscrición notarial e de data), e nos que se deixa apreciar a borrosidade nos estadios máis incipientes do proceso de conformación do galego escrito. Comezaremos polo plano morfosintáctico, para seguirmos co fonográfico. Canto ao primeiro, os textos manifestan unha sintaxe case totalmente romance, e unha morfoloxía mixta, como se pon de manifesto nos seguintes trazos:

<sup>9</sup> Emporiso, a distinción entre documentos *probatorios* e documentos *dispositivos*, que a dita estudosa mostra resultar altamente pertinente para o esclarecemento dos primeiros pasos do acceso do romance á escrita en Portugal, no ámbito galego non parece igualmente relevante.

<sup>10</sup> Nótese que este é un traslado, pois está incluído na documentación dun preito que si presenta subscrición notarial.

- a) De regra, a orde de constituíntes da oración e da frase responde ao modelo romance (en xeral: base + modificador, na cláusula principal: Svo) e non ao latino (en xeral: modificador + base; verbo ao final da cláusula). Ademais, o sistema casual latino só funciona parcialmente para algúns pronomes; así, ao xeito romance, os substantivos e adxectivos son invariables, e a función sintáctica vén expresada pola posición na oración ou mediante o uso de preposicións. Por caso, no texto nº 1:

*In Manzaneda, hereditate que fuit de los Capezudos tota est regalenga; Melendus Herez comparuit una leira de homines mandados et tenet eam.*

No texto nº 4:

*ipsos homines iuiaron rogar per suo uizino Iohannes Diat... qui uenissent responder; ipso fratre Petro rezonou ante ipsos bonos homines qui non erat...; us vicaros s'acordarunt ia uerdade; quando oyrum ista uigareze, Martinus de Boẽ e suos heredes alcarũse e furũ fortjar hereditate e furũ ibi fazer casas.*

- b) No texto nº 1, é moi rechamante a frecuencia da construción existencial con *haber*, inexistente en latín, que por outra banda dá azo ao uso do artigo indeterminado, coma tal: *In Candaneda habet una terra regalenga*.
- c) En relación co anterior, é de notar o emprego profuso do artigo determinado, e no texto nº 1, tamén do artigo indeterminado. Exemplos de aparición do artigo determinado no texto nº 1:

*o Souto de Porta, o Lameiro, illum domnum Rex, illo mato, illũ Gonsalus Roderici, ela heredade, dela terra del Souto, delas Trauessas, delas Bouzas, delos Capezudos, delos Casales, al marco do Lameiro, dela terra.*

Ao pé de formas de aparencia máis latina, aparecen outras claramente romances, que nalgúns casos son comúns a varios romanzos ou de adscrición idiomática indecidible, noutros apuntan claramente ao galego típico (*o Souto, do Lameiro*), e nalgún máis ao galego oriental (*al marco*) ou mesmo ao leonés (*ela heredade*). Exemplos de artigo indeterminado (adoito na construción existencial): *una leira, uno solare, una terra, uno mato, uno casale, uno casal, una vinea*. No texto nº 4 aparece soamente o artigo determinado, ás veces baixo o disfraz latinizante *ipso / ipsa* (testemuña dun romance primitivo *ese/esa* usado como artigo?):

*ipsa hereditate, ipso iudice e ipso alchayde e ipso concilio; u fratre, u cõcilio, u iudice, u qui mãdara u iudice, us vicaros, a uerdade.*

Nótese que neste texto nº 4 todas as outras formas de artigo corresponden ao galego 'típico' *o/a*.

- d) Abundan as formas verbais con desinencia claramente romance. No texto nº 1:

*parti, otorga, comeza, leuo (P3 do pretérito), tomo / tomou, quitou, relinquo, ouueron, enqueriron, deron, raciongar, fazer...*

No texto nº 4:

*defendeo, tornou, rezonou, iuiaron, furun, dixerun, oyurum, alcarũse, furũ; ualue, ouve; prendia, istauã, erã, tornariã, mãdara, chegassen, responder, fundar, stando, uenindu, tenudas, fusse fectu, ouve sèèr alchado, auia fecto, auia fecto, auuera sèèr, auia sèèr, furũ fortjar...*

e) Igualmente, non son raras as formas oblicuas do pronome persoal de terceira persoa acusativo e dativo que responden claramente ao sistema romance. No texto nº 1: *leuolos, tomoula, quitoula, tomoles, que le non deron...* No texto nº 4: *qui u facian, qui u desfecissen; qui u auia fecto, qui illi fecerã, nõ le ualue*. Cabo destas, aparecen outras de fasquía máis latinizante, co pronome latino clásico *is, ea, id: tenet eã, nõquam ea uidit, benefectauit eos, dederunt ei, uendiderunt ei, comparauit eũ, benefectauit ei, ñuenit eos* (texto nº 1). Pero incluso estas formas pronominais, como se ve nos exemplos, seguen as pautas de colocación dos clíticos con respecto ao verbo propias do galego medieval. No texto nº 4 aparecen formas tónicas de P3 e P6 que lembran o romance (“istando cum illo”, “illos dixerun”) e mais formas romances do demostrativo de P3: “*aquil die*”, “*aquilos homines*”. Como no caso do artigo, a formas do pronome persoal obxecto directo de P3 suxiren unha base (xeo) lingüística distinta para o texto nº 1 (*lo, la*) e para o texto nº 4 (*u*), que correspondería no primeiro caso a unha variedade fronteiriza, e no segundo ao galego típico. En troques, para o pronome oblicuo de obxecto indirecto, as formas de tipo romance adiantan as que serán correntes nos textos plenamente galegos: *le / les*. Resta a dúbida, difícil de esclarecer, de se se trata de variantes arcaicas, que non presentan palatalización do [l] inicial, ou de se, o que é máis probable, o <l> da grafía reenvía para a consoante lateral palatal, que aparece nas formas máis evolucionadas (Álvarez 1994: 138-143).

f) Aparecen varias secuencias oracionais completas ou case completas de feitura practicamente romance. Por sinal, no texto nº 1:

*ouueron a fazer senaras in monte regalengo cun boues de suas casas; como comeza in molino et inde per rio al marco do Lameiro; tomoles don Pelaio ela heredade pro una tertia [?] que le non deron.*

No texto nº 4:

*qui quanto faziã u fazian in sua hereditate; furun ibi meter isteos e uscherias; uenindu per la carreya acordarise in aquilo qui mãdara u iudice.*

g) De resto, coma na maioría dos textos notariais mediolatinos, nos dous vertentes abundan as formas romances ou arromanzadas, tanto de nomes de persoa como de topónimos e doutros vocábulos; coa particularidade de que nestes aparecen cunha frecuencia especialmente elevada. No texto nº 1:

*don Beneito, Garsia Diez, Sancio Nunez, Sancho Ramirez, Lope Ordoniz, Melendo Moniz...; O Lameiro, Requeixo, Oseiros, Bouzas, Piornedo, Eira Uela, Cima de Villa, Mazaneda, O Souto de Porta, Soutelo...; benfeitado, linar, heredade, rio, campo, molino, mato, casale, leira, solare, marco, regalengo, cortina, mandado, tomar, raciongar, leuar, quitar, comezar, como.*

No texto nº 4:

*Froilla, Petrus Froille, Didacus Adanze, Martinus Martiz de Careira, Petrus Diat de Gandera, dono Uiuia...; Almerezo, Sauto, Ialias...; chegar, desfazer, istar, madeyra, alchaydes, uizino, tenudas, isteos, uscherias, uerdade...*

h) Como se constata abundantemente nos exemplos que acabamos de ofrecer, aparecen formas híbridas latino-romances e ultracorreccións. Cinxíndonos aos vocábulos deste tipo, podemos salientar a título de exemplo no texto nº 1 *regalengo, benefectauit* (ao lado do plenamente romance *benfeitado*, no mesmo texto) mentres que no texto nº 4 chaman a atención voces como *fecto, iuditjos, fortiar, esforciu*. No texto nº 13, é de salientar a variante *morabitjjs*, que remite a unha forma de plural romance.

A abundancia de formas gráficas romances ou arromanzadas nos textos en foco permite efectuar unha exploración bastante detallada das grafías que estaban sendo experimentadas


nas fases finais do longo proceso de configuración e decantación do novo sistema de escrita autónomo, na procura de solucións axeitadas para reflectir na escrita os trazos fónicos do romance para os que a escrita latina non ofrecía unha fórmula obvia. Vexamos.

En ambos os textos é de salientar o emprego de grafías distintivamente romances para as novas series de consoantes africadas e palatais: <z> para as africadas dentais xorda e sonora indistintamente (por caso, no texto n° 1: *Bouzas, Mazaneda, comezar, fazer, Diez, Nunez, Ramirez...*; no texto n° 4: *Martiz, Adanze, Almerezo, rezonou, fazer, uizino, uigareze*, este tamén ofrece un exemplo de <-t> en posición final: *Diat*), o dígrafo <ch> para a africada dentopalatal xorda (no texto n° 1 alternando con <ci>: *Sancho / Sancio*; no texto n° 4 en *chegar*)<sup>11</sup>.

Chama particularmente a atención a diversidade de solucións gráficas para as africadas dentais neste último texto (n° 4): considerando unicamente as voces máis claramente arromanzadas, en inicio de sílaba, ademais do xa indicado <z>, aparecen <c>, tanto para a xorda, ante <a>, coma para a primitiva sonora (*alcarūse, facer*) e o dígrafo <ch> (*alchado*) para a xorda, e máis as solucións etimográficas <ti> / <tj> e <ci> tamén para esta (*fortiar / fortjar, fortia, iuditjos; esforcui*). Neste mesmo texto, é de salientar o contraste entre formas do tipo *fazer, desfazer, faziam* con grafía plenamente romance, fronte a *facer, feceran, desfecissen*, que mostran unha solución aínda apegada á grafía latina. Compárense estas solucións gráficas co que se di no apartado seguinte sobre a escrita semi-heterónoma (p. 93).

Polo que atinxe á representación de dous fenómenos fónicos específicos do galego como son a caída do [l] e o [n] entre vogais, constátase que ambos os textos ofrecen xeralmente solucións gráficas conservadoras. Exemplos de grafías conservadoras con <l> intervocálico no texto n° 1: *Velascus, Pelaiz, regalengo, Melendo, solare, casales, pelago, Malo* (río), *Carriles, molino*. Porén, nesse mesmo texto aparece a forma: *Diegalo*, que coidamos debe interpretarse como ultracorreción (a forma latina dese nome é xeralmente *Didacus*, nos textos da nosa colección aparece en galego como *Diego* ou *Diago*).

Canto a casos de grafías conservadoras con <n> intervocálico, abundan as ocorrencias nos dous textos: *senaras, benefetauit, Mazaneda, Candanedo, bonos, Uarzena, una, uno, Mendonia*<sup>12</sup>, *Temperana, Beneito* (texto n° 1); *tenudas, bonos, auinitores, rezonou, uenindu* (texto n° 4). Con todo, no texto n° 1 rexístranse ao menos dúas formas gráficas que ofrecen resultados con caída de [n] intervocálico: *comeza* (de *comezar* < \*cuminitiare) e *benfeitado*. Especialmente notable é esta segunda forma, pois aparece ao par doutra variante pseudo-etimográfica no mesmo texto, *benefetauit*, como se pode ver nos exemplos que acabamos de dar (apartado h da páxina 89). Máis interesantes aínda son tres formas que aparecen no texto n° 4: *Martiz, bōos* e *Curispiedo*<sup>13</sup>, pois poderían ser testemuñas dunha importante innovación grafemática que será característica do galego-portugués: a sinalización mediante un til da nasalidade vocálica producida como consecuencia da caída dun [n] intervocálico. No caso do primeiro vocábulo, este til ten forma ondulada e vai sobre unha soa vogal (resultante da crase das dúas primitivas en hiato; a secuencia sería grosso modo *Martiniz* > *Martiz* > *Martiz*), e no caso dos dous últimos ten a forma máis típica do *titulus* latino ou sinal abreviativo xeral, isto é, unha raia horizontal que vai sobre as dúas vogais, como se ve na ilustración:



<sup>11</sup> A grafía <ll> para a palatal lateral aparece no texto n° 11, no topónimo *Caruallas Uellas* (ao par de *colerdes*, con <l>), mentres que <ch> tamén se rexistra no texto n° 13 (*chamares*).

<sup>12</sup> Topónimo, a forma na lingua falada debía ser xa a que é hoxe (aínda que con nasalización vocálica), con grafía actual: *Mendoia*.

<sup>13</sup> Actualmente *Cospindo*, nome dun lugar da provincia da Coruña.

Se estes son usos que xa corresponden ao que será máis ou menos corrente (non xeral) no romance, ou aínda a variantes abreviadas conforme o procedemento usual latino-medieval<sup>14</sup>, é cuestión que non nos atrevemos a responder de forma conclusiva. Pero aínda na hipótese máis conservadora, estes exemplos ilústrannos acadamente sobre como puido transporese un procedemento da escrita latino-medieval á nacente escrita galego-portuguesa, dándolle un novo uso.

Para rematarmos co punto da representación de trazos fónicos innovadores do romance sen correspondencia directa no latín, imos referirnos aos ditongos. No texto n° 1, a solución máis corrente para o ditongo [ej] é a plenamente romance <ei>: *Beneito, leira, Eira, Lameiro, Oseiros, Requeixo*. Con todo, nótese a coaparición, xa sinalada, das variantes *benefectauit / benfeitado*, que mostran respectivamente a solución pseudo-etimográfica <ec> e a plenamente romance <ei>. Tamén é de notar a vacilación entre <ei> e <e> no caso do vocábulo *Castaneira / Castanera*. Analogamente, para o ditongo [ow], a solución mais corrente é <ou>: *Souto, Soutelo, Bouzas, ouuerō, tomo, quitou*, pero tamén se rexistra <o> (interferencia gráfica do castelán?): *otorga, tomo, leuo* (P.3 do pretérito de indicativo). Tamén no texto n° 4 os ditongos aparecen representados ao xeito puramente romance, neste caso alternando <i> e <y> para a semivogal palatal: *alchayde(s) / alchaide(s), Froilla, Froille / Froylle, madeyra, carreya / Careira; tornou, ouve*<sup>15</sup>. E, igualmente, tamén se rexistran vacilacións, com motivación etimográfica e resultado ás veces pseudo-etimográfico: o latinismo *directo* e o pseudolatinismo *fecto* (por *facto*, como se vai vendo, este híbrido é moi corrente nestes textos) e *Sauto* (topónimo 'Souto' < latín *salto*-) e *auuera* (latín *habuerat*). Finalmente, nótese o innovador uso da letra <y> neste texto, que tamén é empregada para a [i] tónica en hiato en *oyrum* (véxase pp. 93, 95 e 97).

En definitiva, estes dous textos ofrecen cadanseu exemplo ilustrativo do tipo híbrido: mentres que a súa base lingüística é inequivocamente romance, a roupaxe gráfica é en parte latina e en parte romance. No caso do texto n° 1 a base lingüística parece ser especificamente galega nalgúns trazos e máis inespecífica ou claramente transromance noutros; no caso do texto n° 4, o referente lingüístico é máis claramente galego. Nunha situación similar ao texto n° 4 están os textos n° 11 e 13, que non son analizados en pormenor no presente contributo.

Porén, canto aos dous últimos citados (de datación considerablemente máis tardía), advírtase as vacilacións na representación do ditongo *ei* – *meyrino, leyra, celejro, leira, freires / cabaleros* (n° 11), *ianeiro / ianero* (n° 13) – nos apelidos rematados en –ez (*Menêdj, Fernandj, Martinj, Rodericj / Lupet, Fernandet / Paez*, n° 11). Como antes sinalamos, no texto n° 11, aparece <ll>, cabo de <l> para a palatal lateral (*Caruallas Uellas, Ollo / colerdes*). Por parte, tamén son de notar as formas *homèes* (n° 11, con plicas para indicar a caída da consoante nasal), e *morabidil* (plenamente romance) fronte a *morabitjjs* (híbrida), no texto n° 13.

## 2.2. Escrita semi-heterónoma galego-latina (textos n° 5, 7 e 8)

Este tipo de escrita viría exemplificada polos textos n° 5, 7 e 8, aínda que o penúltimo se acha moi preto da escrita semi-autónoma de que trataremos a seguir. En realidade, este tipo presenta unha fasquía similar á anterior, só que as formas romances ou semi-romances son considerablemente máis abundantes. Así, fóra do marco formulario (sempre máis latinizante), a maioría das formas verbais presentan desinencias romances ou variantes híbridas (n° 5: *istet*, n° 8: *uidi* 'viu', *dixi* 'dixo'). Por exemplo no texto n° 5:

*mora, ganej, quitu, uiuir, dei, uiua, siia* 'sexa', *cūpra, á, fui, doc* 'dou'; no texto n° 8: *deu, trociese* 'trouxese', *iñiarise, disu / dixi* 'dixo', *quiriamos, iñirquades, abemos, auia* a *uēder, dicesdes, dicimos, podedes, oira, oiū, quitoc* 'quitou', *auenisē, dicē, quera, uēdese, arēdase, supinorasē* ...

<sup>14</sup> Por sinal, no mesmo texto aparece repetidamente a variante *bonos*.

<sup>15</sup> A forma *quexar* que aparece en dúas ocasións no texto n° 4, puidera reflectir unha variante fónica sen ditongo.

No nº 7 predominan amplamente as romances:

*furū, manda, couberun, dixesi, dixu, ~~figu~~, era, mandou, uerti, dixu, fazer, partiu, fronte a debet, fuit.*

Doutra banda, a inestabilidade dentro dun mesmo texto queda de vulto con algúns exemplos deste mesmo texto nº 7: *fratres / frades, istud / istu, (de) outra / (de) outros.*

De todos os xeitos, boa parte das conxuncións, as preposicións e outras palabras gramaticais (relativos, posesivos, demostrativos, persoais, indefinidos) aparecen baixo formas alatinadas (isto é, propiamente latinas, ou ben semi- ou pseudolatinas): *et, si, in, inter, qui - quid, ibi - i, unde, meus, meo, mea, suo - seu, ista / istu - istud, ipsi - isi, aquile / aquila / aquilu, ili / illis* ('ele/s'), *alios*. Algunhas variantes aproxímanse máis ao romanzo: *aquesta, aqueles* (nº 8), Curiosamente, úsase *pur* ('por') e *con*, esta segunda ao lado de *cum / cū*, sendo que as formas plenamente latinas destas preposicións son moi frecuentes incluso nos textos escritos en galego elaborado. En realidade, a meirande parte das formas que antes alistamos aparecen de xeito máis esporádico nos textos escritos nas modalidades máis definidamente romances (véxase máis abaixo, pp. 95 e 98).

O texto nº 7 presenta alternancia latín (protocolo e escatocolo) / romanzo (teor), próxima ao modelo bilectal, e tamén galego / castelán, pois a oración "do es Sancti Cipriani e sos dos frades" parece castelá.

Dous dos trazos que mellor caracterizan esta escrita transicional relaciónanse coa representación das vogais medio-altas [e] e [o], pois tanto en posición tónica coma na átona tenden a aparecer representadas mediante <i> e <u> respectivamente (véxase para os textos primitivos portugueses Cintra 1990: 50-55 e Martins 1999: 501-2). Con certeza, en principio este uso está motivado polo apego á tradición scriptolingüística latina, aínda que tamén puido influír a percepción da diferenza canto ao grao de apertura con respecto aos pares medio-baixos; de feito, nalgúns casos, o uso de <i> / <u> acabar por resultar anti-etimográfico, como se pode ver nos exemplos que damos a seguir. Doutra banda, parece claro que o trazo de nasalidade, sexa orixinado na caída dun [n] intervocálico, sexa debida ao contacto cun [n] implosivo, está tamén relacionado co emprego de <u> para [o].

Exemplos do emprego de <i> para [e]:

*isti- ista / aquesta- istes - isto / istud, isi* ('ese'), *aquilu / aqueles - aquila, qui* ('que'), *siia* ('sexa')<sup>16</sup>, *istet* ('esté') *ismoIna, Lijgūdi, dixesi, parti / parte, Castrouiridi, anti* (véxase para textos portugueses Martins 2004: 515).

Exemplos de emprego de <u> para [o]:

*bua, dū* ('don'), *moesteru, quitu, pasamētu, manus, salgerus, pur, u(s)* (art. e pron. de P3 'o/ os'), *Fermosu / Feroso, ĩfianīse, disu / dixu, ueruu / ueruo, aquilu; furū, couberuno, inquisidur.*

Tamén é característico desta modalidade que os ditongos *ei* e *ou* reciban varias representacións. Para o primeiro rexístrase unha solución <ac> - <ec> con motivación etimográfica (*Citofacta, plectu, fectura*; advértase que as dúas últimas voces son pseudolatinismos, por *placitu* e *factura* respectivamente), aínda que tamén se usa <e>, sobre todo nos finais en *-eiro / -eira* (*lera, moesteru, salgerus*) e tamén se rexistran <ee> (*Cabreeru*) e <ei> (nº 7: *frei*). Para o ditongo *ou* aparece a solución <oc> nos textos nº 5 e 8 (*oc 'ou' doc 'dou', trociese 'trouxese', quitoc 'quitou'*); no nº 7 rexístrase xa <ou> (*couberun, outros, mandou*) e unha forma *autra*, pero tendo en conta a procedencia do documento onde aparece, o nº 7, o oriente de Lugo, esta

<sup>16</sup> Non se pode excluír a hipótese de que esta forma reflecta unha variante fónica de tipo *śia*, que perviviu dialectalmente ata hoxe, ben que na actualidade este tipo de variantes aparece rexistrado case soamente na zona eonaviega.

grafía debe representar unha variante dialectal con ditongo *au* (Maia 1986: 554-55; Montea-gudo 2008b: 187-91 e 482 [mapa nº 6]). Nese mesmo texto nº 7, as formas *sos dos* (*frades*) poden ser interpretadas como interferencias do castelán, pero non se pode descartar que reflectan formas orais con ditongo: *sous dous*.

No texto nº 5 rexístrase vacilación na representación da caída do [n] e o [l] intervocálicos: *germana*, *moesteru / bua*; *casaes / Căpanola*. No entanto, nos docs. nº 7 e 8, prefírese sistematicamente a grafía conservadora con <n> entre vogais (*auenisē*, *homines bonos*; *una*, *omines bonos*, *unus*).

Finalmente, nesta modalidade de escrita rexístranse as grafías latinizantes <c> e <ci> en contextos onde na escrita plenamente romance se usan <z> ou <ç>; así, no texto nº 5 aparece *perigrinacione*, *ganăcia*, *populacione*, *mădacione*, *generacione* (todas elas, excepto a segunda, poden considerarse formas híbridas); no texto nº 8 rexístranse *dicer*, *dicimos*, *dicedes*, *dicē*; *facer*, *facia*, *faciā*. Porén, neste punto o texto nº 7 segue xa a pauta gráfica romance (*fazer*, *prazer*), que por outra banda xa vimos documentada nos textos nº 1 e 4.

Por parte, son de salientar as formas *dixesi*, *dixu*, *figu* (nº 7) e *disu*, *dixi* (nº 8), que parecen reflectir dúas importantes innovacións que, a vulgar polos testemuños escritos, só se xeneralizarían no galego contra finais da idade media: a palatalización da consoante final do tema de perfecto en verbos irregulares con perfecto forte, como *dizer* e *fazer*<sup>17</sup>, e mais a extensión analóxica da desinencia -o para a P3 do Indicativo Pretérito nese mesmo tipo de verbos. Canto ao primeiro, podería pensarse que a grafía <x> de *dixesi*, *dixu* e *dixi* non reflecte a palatalización da consoante –mais podía ter motivación etimográfica–, pero a forma *figu* ‘fixo’ só pode sensatamente remitir a unha pronuncia con consoante palatal, co cal parece lóxico pensar que as primeiras formas tamén a presentaban. Canto ao segundo, as formas *dixu*, *figu* e *disu* non parecen ofrecer dúbida. Debemos concluír, por tanto, que a escasa circulación deste tipo de formas innovadoras no galego escrito da segunda metade do século XIII e da primeira metade do século XIV reflecte máis ben a preferencia na escrita polas formas conservadoras de tipo *disse*, *fez*, do que a situación real no galego falado. Non queremos suxerir con isto que as variantes innovadoras fosen máis correntes na fala cás conservadoras, senón que debían ter unha presenza maior nesta do que o rexistro escrito deixa supór.

Canto á forma *uiuir* do texto nº 5, diverxente da xeral *uiuer* do galego coetáneo, tendo en conta as consideracións que acabamos de facer nos parágrafos precedentes, quedamos na dúbida de se interpreta-la como variante gráfica motivada polo étimo latino, ou ben como representación dunha variante fónica que circulaba na fala.

Finalmente, tamén queremos chamar a atención sobre os pseudolatinismos *vadi* (por ‘vai’) e *istet* (por *stet*, no lugar do propiamente latino *sit*) no texto nº 5, ademais dos xa indicados *plectu* e *fectura*, no mesmo texto. O primeiro exemplo, *vadi*, é de comparar con *vidi* por *viu* e *dixi* por ‘dixo’, no texto nº 8, pois nos dous casos se aprecia que un dos procedementos de arromanzamento das formas gráficas latinas consistía simplemente na delección da consoante final, sen atender á correspondencia coa forma oral do romance.

No aspecto puramente grafématico, chama a atención nestes textos (igual que acontece na modalidade de escrita heterónoma, ben que no texto nº 4 se rexistra algún exemplo do seu uso) a completa ausencia da letra <y>, que será de uso moi frecuente, aínda que non universal, na escrita galega autónoma.

### 2.3. Escrita semi-autónoma galega (textos nº 10 e 36)

Pasaremos agora a analizar un tipo scriptolingüístico que, a diferenza do anterior, xa é plenamente romance, aínda que presenta un grao de autonomía limitado fronte ao latín, e por tanto un nivel de elaboración só incipiente. Para unha caracterización sumaria desta mo-

<sup>17</sup> Como é sabido, esta innovación aparece documentada con frecuencia relativamente alta para a P1 do perfecto (*figi-fige*, *dixi-dixe*) xa nos propios cancioneiros galego-portugueses.



dalidade, imos realizar unha rápida análise dun dos textos que, ao noso entender, mellor a exemplifica: o documento do pacto de benfeitoría de Munio Fernandez con veciños da área de Pallares, de 1247 (nº 10). O texto nº 36, procedente tamén de Ferreira de Pallares, ofrece unha modalidade scriptolingüística moi semellante a este, e imos botar man del para completar a análise. As características máis notables son:

- a) Representación de [e] e [o] mediante <i> e <u> respectivamente: nos textos coevos xa plenamente galegos, este tipo de representación é relativamente frecuente en posición átona, sobre todo <u> por [o] en posición final, pero no texto vertente aparece tamén para a posición tónica (igual que vimos no tipo semi-autónomo). Para a vogal anterior medio alta en posición tónica temos *pertijze*, *cabiza*, *isimbla*, *sigā* / *sega* ('sexa'), *mita* ('meta'), *ista*, *isti*. Nalgún destes vocábulos a grafía pode ter relación coa nasalidade, nos dous últimos exemplos podería explicarse por latinismo, pero en *cabiza*, *sigā* e *mita* non é aplicable ningunha destas explicacións. Esta grafía é especialmente abundante en final átono: *quí* (pronomo relativo; aquí pode tratarse tamén dun latinismo ou da pervivencia arcaizante dunha forma *qui* especializada na referencia a persoas), *padri*, *aquestis*, *heredadj*, *mi*, *isti*, *fazim* (nótese outra volta o posible influxo da nasal), *semprj* / *semprj*. Tamén se dá en posición pretónica: *moystero*, *irdamento* / *herdamento*, *capilā*.

No que atinxe a [o], a representación mediante <u> é menos frecuente neste texto do que acontece coa correspondente vogal anterior: en posición tónica, só aparece en *sū* ('son' P6), onde se pode pensar no influxo da nasal, ou ben nun pseudolatinismo, en posición pretónica vese en *outurgamos* e *outrussi*, e en posición final en *sabudu*, *manu*, *bispu*, *Lugu* e *outorgu*.

- b) Representación dos ditongos *ei* e *ou* como <e>-<ec> e <o>-<oc>, (máis esporadicamente, tamén acontece o mesmo con *oi* < lat. *oc* e *ui* < lat. *uc*): no caso do documento vertente, este fenómeno é relativamente pouco frecuente, pois afecta principalmente a *ei*, que vén representado mediante <e> nunhas palabras e por <ey> noutras (*Rodero*, *Moystero*, *Perera*; pero nótese *cabaleyros*, e mais *freyre*, *rey*), e por <ec> con motivación etimográfica (*bēfecto*, *bēfecta*). Como se ve nos dous últimos exemplos, a presión a prol da etimografía conduce á aparición de pseudolatinismos (obviamente, o étimo deses vocábulos deriva de *factu*-, non dun inexistente \**fectu*-). A forma *octaua* tamén responde á mesma motivación etimográfica.
- c) Representación gráfica vacilante dos resultados da caída dun [n] intervocálico: (α) solución etimográfica, co mantemento do <n>, *uinerē*, *manu*; (β) ningún signo especial, *Moystero*, *Martiz*, *irmaos*; (γ) uso de plicas, cando as dúas vogais son iguais, *ujr*, *pertijze*; (δ) solución máis innovadora, co uso dun til, *boā* (2 exemplos), *jрмаō*; (ε) combinación idiosincrática do primeiro e o terceiro procedementos, *omnijs* ('homes').

As dúas últimas solucións merecen unha explicación: coidamos que o último (e insólito) exemplo pode deberse a un cruzamento con indefinido latino *omniis*; máis rechamante é o uso do til (δ), pois probablemente se trataría do exemplo máis antigo do emprego deste sinal gráfico para representar a nasalidade na documentación galega. Canto a este, chama a atención a forma do diacrítico, que é a dunha curva cóncava, claramente distinta ao *titulus* ou sinal abreviativo xeral do cal se orixina, e que se emprega para a nasal implosiva ao longo do texto (*sū*, *hā*, *Martī*, *bēfecto*, *uinerē*...), que ten forma recta; en troques, o til de *boā* e *jрмаō* é similar ao que se emprega sobre *dō*. Tamén é de notar que o til se coloca claramente sobre a segunda vogal do hiato, como se pode comprobar na ilustración (compárese coas imaxes e o dito na p. 90):





- d) Representación da consoante lateral palatal mediante <l> e <li> (*muler, colo, filio*) e da fricativa prepalatal sonora mediante <g> (*sega, siga*), ao lado de <j> / <i> (*ajuda, iur*).
- e) Emprego de <z> para representar de xeito indistinto as consoantes (primitivamente) africadas dentoalveolares xorda e sonora, a primeira incluso ante <e>: *cabiza, faza, prestanza, pertijze, fazim*. En posición final, alterna <z> con <t>, que aparece nunha ocasión: *uoz, Uermuiz, Martiz, Sanchiz, Ualasquiz, Diaz*, fronte a *Floylat*. É de notar que esta última graffa apareza nun apelido, pois paradoxalmente na onomástica persoal, que desde vello viña sendo un campo de innovación gráfica (Boullón 2007: 610-613), no período de emerxencia tenden a manterse, aínda que sexa esporadicamente, algunhas solucións gráficas arcaizantes. Así, por caso, tamén, *Gosaluo* con <s> para a africada dentoalveolar xorda (que lembra a graffa latinizante *Gundisaluus*) e *Sancia* con <ci> para a africada dentopalatal (compárese con *Sanchiz* no mesmo texto).
- f) Emprego de formas latinizantes, semilatinismos ou pseudolatinismos como *habeo, isti / ista, meo / mea, ipsi, aquil / aquila* ou *qui* (non só como pronome relativo, mais tamén como concunxión completiva: “outorgulis *qui* li siga semprij amigo... e *qui* lis faza sempri amor”). As formas do demostrativo con <i-> no radical (fóra do neutro *isto*, que constitúe un fenómeno diferente, sobre o que voltaremos máis abaixo) e *meo / mea* para o posesivo aparecerán tamén de tanto en tanto nos textos grafados en modalidades máis avanzadas de *scripta* romance. Por caso, *meo* aparece nos nº 9, 12 e 15 (alternando con *meu*), 27 (*meo - mja*), 40 (*mea - mia*), 45 (*meo - meu*), 47 e B; mentres que as variantes gráficas *iste, ista, isse / esse, il / ell, iste, ista* aparecen todas elas no nº 43, *ista* nos nº 9, 23 e 50, e *ipsa - essa* no nº 49.

De resto, é de salientar a forma *cabaleyros*, con <b> no lugar dun esperable <u>, que debe colocarse por de par doutras que aparecen en tres textos en galego máis antigos da nosa colección: *cabaleros* (nº 11), *arbores* (nº 3 e nº 9; tamén no Foral de Caldelas aparece a variante *barba*, sobre a cal véxase Monteagudo 2008: 224-25), e *uerbo* alternando con *ueruu* (nº 8). O elevado grao de apego á escrita tradicional latina do texto, nun marco de notable inestabilidade gráfica, podería suxirir que a primeira variante é un simple latinismo (como debe ser a forma *abemos* que a precede); pero coidamos que non se trata disto. En primeiro lugar, é notable o contexto fónico da consoante labial, análogo a *arbores, barba* e *uerbo*, non estritamente intervocálico. Doutra banda, na nosa colectánea rexistramos outros exemplos de vacilación <b> / <u> que non poden atribuírse ao influxo gráfico do latín, como *cibeyra / ceueyra*, e, novamente entre vogal e [r], *libre / liure*.

Nun plano grafemático, nótese o uso do grafo <y>, practicamente ausente das modalidades máis apegadas ao latín, que na escrita romance semi-autónoma aparece nos ditongos: *cabaleyros, Floylat* e *moysterero*.

### 3. ELABORACIÓN DA ESCRITA GALEGA AUTÓNOMA (TEXTOS Nº 2 E 3)

Tentaremos agora unha caracterización sumaria da escrita galega autónoma, comezando polos dous documentos plenamente romances máis antigos da colección, entrambos procedentes do fondo documental de Melón nº 2, de 1231 e nº 3, de 1233. O texto nº 2 está redactado integramente en galego, salvo a data e a fórmula de introdución dos confirmantes, mentres

que o nº 3 é alternante, co marco formulario e o comezo da *expositio* en latín. Poderá sorprender que os dous textos plenamente romances máis antigos ofrezan mostras do tipo de *scripta* máis evolucionada. Este feito servirá para alertarnos fronte a unha visión inxenua do proceso evolutivo da escrita romance. Dunha banda, non podemos esquecer que o testemuño documental que chegou a nós é o resultado dunha selección aleatoria da produción que realmente existiu, unha selección que con certeza foi especialmente severa e casual para os períodos máis recuados.

Doutra banda, como advertimos noutro lugar (Monteagudo 2007: 296-97 e 2008b: 261-62), a evolución da *scripta* romance non correu ao mesmo ritmo e atravesando as mesmas etapas en todo o territorio galego (en rigor, en cada un dos centros de produción de textos escritos da Galicia medieval), senón ao lor de contactos entre centros, de derivas e de circunstancias peculiares difíciles de precisar, pero que de todos os xeitos debuxan un mapa moi complexo, lonxe dunha progresión lineal e gradual acompañada. Xa que logo, as diferenzas canto ao momento de arranque, ao ritmo evolutivo e á orientación das tendencias non dependen soamente da localización, mais tamén das redes de contactos e de influencias, do tipo de texto e de características individuais dos escribáns, coma a idade, a formación ou as preferencias persoais –aínda que fronte ás derivas centrífugas tamén entraban en xogo factores cohesivos, coma a chancelaría real castelá, cunha potente capacidade de irradiación que se deixaba sentir con maior ou menor intensidade en todas partes, e que por tanto actuou como forza centrípeta.

Todo o devandito significa que a *scripta* galega podía atoparse nun estadio moi primitivo nun lugar e simultaneamente nun estadio moito máis avanzado noutro lugar, e incluso nun mesmo lugar e momento, dependendo do escribán e/ou do tipo de texto, coexistiron modalidades de *scripta* máis primitivas e outras máis evoluídas. Isto fai particularmente aventurado datar un escrito determinado sen contar co apoio de evidencias moi circias. Por caso, os dous documentos reputados como máis antigos en galego (nº 2 e 3), tanto no aspecto paleográfico coma no scriptolingüístico parecen mostrar un estadio moito máis evoluído cá maior parte dos anteriores a 1250, comezando polo nº 5 e seguindo por todos os documentos da década dos '40.

Un pouco máis tarde, o texto nº 16 (de 1253) ofrece unha madurez, sistematicidade e regularidade superior á meirande parte dos documentos en galego anteriores a 1260; o cal, por certo, será debido a un contacto estreito do seu redactor coa chancelaría castelá, pois o documento aparece dado en Sevilla. Neste texto, chama especialmente a atención o emprego regular do til para marcar a nasalidade (*bôa, uôetade, mão, uezyô*) e o uso dos dígrafos <ll> (*fillo, mellor, Seuilla*) e <nn> (*testemunnas*) para as palatais lateral e nasal respectivamente. Pola contra, no texto nº 17, estes fonemas son representados con <li> (*filio, nulio, julio*) ou <l> (*Ramalosa*) e <ni> (*Toronio*) ou <n> (*camino*; neste caso pode tratarse máis ben dunha vogal nasal [ɲ]).

Vexamos entón as características scriptolingüísticas máis significativas dos textos nº 2 e 3:

- a) Estabilidade na representación das vogais, cos grafemas <e> e <o> correspondendo ás vogais medio-altas, mesmo en contacto con nasal e en posición átona (*dom, condicô, bòos; conoçuda, todos, vendo, cõuêto, nõ...; frades, nomeada, nẽ, êtergêuos, leue, uèerẽ, melor*). Así e todo, no caso de [e] detéctase vacilación nas condicións indicadas (influxo nasal, atonicidade); en todo caso, advírtase que neste caso a inestabilidade pode ser máis ben fónica do que gráfica: *Saluadorit / Gomet, quesser / quiserẽ, ordim* (esta última forma, coa variante gráfica *ordin*, reaparece no texto nº 13). No caso de *sicas* e *agusto* (nº 3), pode tratarse de latinismos, dado que o texto é alternante<sup>18</sup>. O caso de *logar* (nº 2) é diferente, pois a vacila-

<sup>18</sup> Porén, nótese que *agusto* pode ser un dialectalismo (Álvarez 2007: 387), avalado polo rexistro de *magusto* por *magosto* nesa zona do suroeste de Galicia aínda hoxe. No texto nº 24 (dado en Portomarín) da nosa colectánea aparece (*caendas agustas*, e a forma *a gusto* tamén se rexista no Foral de Caldelas.

ción nas grafías <u> e <o> testemuñan unha vacilación no timbre da vogal documentada en moitos textos galegos medievais: nos nosos textos, rexistran formas con <o> os docs. nº 2, 12, 33, 41 e 49; e formas con <u> os nº 9, 15, 34, 36, 37, 39, 47, C e D<sup>19</sup>. Canto a nomeada, a grafía <e> para a pretónica é xeral (nº 2, 17, 23, 38, 47, A), aínda que tamén se rexistra <i> (nomiados, nº 33). Fóra de casos puntuais coma este, como veremos, a estabilidade na representación do vocalismo átono é característica da escrita romance autónoma.

- b) Tamén é notable a estabilidade na representación dos ditongos. Así, temos <ou> en *cousa, ouuer, outorgamos, outro, dous*; só aparece vacilación no caso da conxunción *ou/o* (nº 2). De xeito análogo, *ei* é representado establemente, como <ey>, tal como se constata en *Sequeyros, moesteyro, celareyro, Manteyga, notey, Rey, celeyro, taleyga, cauleyro* (nótese o emprego regular do grafo <y>, que será corrente, aínda que non xeral na escrita romance autónoma); aínda así, nos vocábulos que presentan no seu étimo o nexa -ct-, o apego ao latín marca a pauta: *precto, pecte* (nº 2) fronte a *colleyta* (nº 3). Analogamente, rexístrase *luctosa* (nº 3). A tendencia cara á etimografía no caso dese nexa latino tamén se revela na abreviación *dco* por *dito* (nº 2), corrente nos textos galegos medievais. Estas características adiantan o que acontecerá na escrita plenamente romance, aínda que nesta tenderase a abandonar a etimografía tamén nos ditongos procedentes do nexa latino -ct-.
- c) A caída da consoante nasal [n] é reflectida case sempre na escrita, e úsanse as plicas cando as vogais son iguais, pero, fóra disto, non se empregan procedementos específicos para sinalar a presunta nasalidade das vogais en hiato: *pea, bòds, ùum* (nº 2). No texto nº 3, ao par de *uèeren*, rexístranse exemplos de etimografía, con mantemento do <n>: *Varzena, vna*. De feito, esta última grafía con <n> será a preferida para o artigo indeterminado e os pronomes indefinidos relacionados con el (*una, alguna*). Doutra banda, nos textos plenamente romances comezará a empregarse o til de nasalidade, cando menos desde 1247, aínda que este uso está lonxe de xeneralizarse, ao menos antes de 1260 (véxase o dito antes sobre o texto nº 16 e Monteagudo 2008b: 182-86).
- d) A representación das primitivas africadas dentoalveolares [ts] e [dz] é extremadamente confusa. No texto nº 2, en posición inicial de palabra aparece <sce> / <ce> (*scelareyro-celareyro*), en interior de palabra, o grafo máis utilizado en inicial de sílaba é <ç>, tanto para a primitiva xorda (*conoçuda, raçõ / raçom* 'ración'), coma para a primitiva sonora (*façemos*), pero para a primeira tamén se utiliza <c> ante <a> e <o> (*faca, condicõ*) e para a segunda tamén aparece <z> (*plazo*). No mesmo texto nº 2, en final de palabra dáse preferencia á grafía arcaizante <t> (*iat, Saluadorit, Gomet*), cabo da innovadora <z> (*uoz, Paez*). No texto nº 3, só temos exemplos de <z>, para a consoante sonora (*Varzena, fazer, Galiza*) e en final de palabra (*paz, Paez*), e de <c> ante <e> e <o> para a primitiva xorda (*celeyro, seruico*). Na escrita romance autónoma tenderá a abandonarse a representación mediante <t> en posición final de palabra (con pervivencias ocasionais, sobre todo nos nomes propios<sup>20</sup>) a favor de <z>, e as grafías de tipo <co>, <ca> con valor sibilante serán menos frecuentes (aínda que non totalmente descoñecidas). Así, no texto nº 16 *conoçuda, colaçõ, cima; Dezemeiro, uezño; Perez, Diaz, Paiz, Moniz*; e no nº 17 *celareyro, quitaciõ, cunuçudo; fazia*. O uso de <ç> é unha innovación gráfica característica da escrita romance autónoma, pois non se rexistra nas outras modalidades anteriores. Con todo, esta novidade coñeceu unha difusión lenta e irregular (Monteagudo 2008b: 200-24 e 245-61).

<sup>19</sup> As vacilacións do tipo <o / u> en posición pretónica son frecuentes noutras palabras, como *moller / muller, conoçudo / cunuçudo* ou *joyz / juyz*. Véxase Álvarez / Xove 2008: 40-43, onde se sinala a distribución dialectal das parellas *moller / muller* e *logar / lugar*.

<sup>20</sup> Véxase o cadro sobre o uso das terminacións -t / -z, nos patronímicos na escrita romance do século XIII en Boullón (2007: 621).

- e) Como xa se avanzou na epígrafe b, en ambos os dous textos, a letra <y> utilízase de forma sistemática para representar a semivogal anterior nos ditongos decrecentes (*Pay, mays; Sequeyros, moesteyro, celareyro, Manteyga, caualeyro, colleyta, notey, Rey*), pero non para representar a consoante sibilante prepalatal, para a cal, ademais de <g> ante <e> (*mon-ges*) só vemos empregado o <i> (*iat*) e como maiúsculo, <J> (*Johannes*), entre vogais úsase <i> ante <a> (*seia, seíamos*, nº 3). Estas solucións son as máis adoitadas na escrita romance autónoma, na cal, así e todo, chama a atención a innovación do emprego de <y>, especialmente rechamante cando é utilizada para a representación da consoante, o que acontece sobre todo en interior de palabra e entre vogais<sup>21</sup>.
- f) Para a consoante lateral palatal, a grafía máis frecuente, e única no texto nº 2, é <l> (*coler, tola 'tolla', melor, fillos*). No texto nº 3 aparece nunha ocasión <ll> (*colleyta*). Para a representación da nasal palatal, só temos exemplos no texto nº 3, onde vemos <n> (*vino, lino, empenore*<sup>22</sup>) e <ne> (*castaneas*, pero este pode ser un latinismo). As grafías <l> e <n> serán as máis correntes na escrita romance plena, como xa apuntamos atrás ao referirnos aos textos nº 16 e 17.
- g) Para a consoante africada dentopalatal, que unicamente se rexistra no texto nº 3, temos unha dupla solución, curiosamente no mesmo vocábulo, <ch> (*chantar*) e <c> (*cantares*). Na escrita romance plena, o dígrafo <ch> será de uso xeral, con moi escasas excepcións.
- h) Como acontecerá na xeneralidade dos textos notariais coevos, as grafías <ss> e <s> en posición intervocálica tenden a ser utilizadas con valor grafemático (*vassalo / cousa, casa, suso, queser, quiserē, quiserdes, quisermos, uso, poderoso*), pero isto raramente se fai de xeito sistemático, con confusións máis ou menos frecuentes segundo os textos. Conforme Maia (1986: 459-67), na documentación galega medieval é máis corrente que apareza <ss> en vez de <s>; en troca, nos textos que nós editamos, é máis adoitado o contrario, como mostran os dous textos vertentes: *essa* (nº 2, 3) / *esa* (nº 3), *uossa* (nº 2, 3), *nosso* (nº 3) / *uosa* (nº 2).
- i) En parte grazas á estabilidade na representación das vogais átonas, unha serie moi conspicua de palabras gramaticais presenta formas plenamente romances: *que* conxunción completiva, *este / essa* (*isto* no nº 3 reflicte seguramente unha variante viva na fala daquelas bisbarras), as preposicións *en* (nº 2), *en / in* (nº 3), *por* e *a*, a conxunción *se*. Mantense *et*, que será de uso abundante en todo o galego medieval, aínda que sempre será máis frecuente o emprego do signo tironiano que o abrevia. Quedamos en dúbida canto ao *qui* da subscrición notarial no texto nº 2, en que este pronomes relativo aparece con referencia persoal e en función de suxeito, o cal convida a pensar nunha pervivencia na fala desta forma, que puidera estar atestada noutros textos galegos anteriores a ca. 1260 (Monteagudo 2008b: 231).
- Así e todo, e malia a súa prioridade cronolóxica, os dous textos en foco, en especial o nº 2, presentan unha serie de trazos scriptolingüísticos particularmente avanzados. Xa sinalamos os demostrativos *este, essa* (non *iste - isti* ou *ipsa*) e outras palabras gramaticais (*se, que, en, por*), engadamos agora as formas do artigo determinado *o, a*, os empregadas regularmente, sen a concorrencia de variantes gráficas (*u, hu, ad..*), nin morfolóxicas (*lo, la...* como alomorfos libres, coma noutros moitos textos), incluso en contracción con preposicións: así, *do, da, dos*; é especialmente rechamante *no, na* e non *inlo, enno, eno..*; tamén

<sup>21</sup> O uso de <y> para a consoante fricativa prepalatal é corrente nos textos posteriores, aínda que non atinguíu carácter xeral. Coma tal, dentro da nosa colectánea: *ayo / ayades / ayam* (docs. nº 18, 22, 37, 41, 42), *seya / seyan* (nº 26, 37, 42, 48).

<sup>22</sup> No caso de *lino* e *vino* non se pode descartar unha pronuncia con [i], previa ao desenvolvemento da consoante nasal palatal.

chama a atención o *Rey*, no texto n° 2, cando o máis frecuente é *el Rey* (porén, tamén no texto n° 44 se le *du Rey*). Tamén son salientables as representacións das contraccións coa preposición *a*: *á uoz do Rey*, n° 2 (sen til no orixinal); *ó cellareyro* (n° 3; con til no pergamino). Nótese, pola contra *en este* (n° 2) / *in essa* (n° 3). Finalmente, a forma *mesmo* (n° 2) tamén ofrece a variante máis evoluída, fronte a textos posteriores que presentan variantes máis recuadas: *mèesimo* (n° 33) - *meesimo* (n° 43).

j) As formas de pronome persoal son as que aparecerán xeralmente nos outros textos: P1 *eu*, (a) *mĭ* / P 4 (a) *nós*, non *nos* busquedes / P5 (a, de...) *uós* / *vós*; *damosuos*, *ētergeuos*, *se uola entergar*. Para as P3 e P6 só se rexistran dúas formas, ambas átonas, de OD da P3 *a*, e de OI de P6, *les*. É de notar o escaso emprego dos pronomes átonos para as P1, P2, P4 e P5, en función de obxecto indirecto: *vendo a uós*; *dedes a mĭ*; *outorgamos a uós*; *nūca sea demādada de uós*; *façemos a uós*; *dés a nós*, *que a nós cumpra*. Outros exemplos átonos: *se uos uossa raçõ nõ queremos dar*, *fazerles, que a pobres, se a nós non quisermos*.

k) Finalmente, chama a atención a orde de constituíntes oracionais en determinado tipo de cláusulas subordinadas, en particular nas condicionais e nas de relativo, con ocorrencias coma a seguinte: *se uos uossa raçõ nõ queremos dar o uos na ordim nõ queremos coler* (n° 2) (*se*) *uola entergar nõ quiserẽ* (n° 2), *quẽ in essa herdade morar* (n° 3). Non nos referimos tanto á posición do pronome átono no primeiro exemplo (separado do verbo por outros constituíntes oracionais), coma á anteposición do OD ou do CL no primeiro e no terceiro exemplos, e do infinitivo con respecto ao verbo principal *querer* no primeiro e no segundo exemplos. Estes tipos de secuencia de constituíntes sintácticos (OV), en orde inversa á xeral en romance (VO) –tal como sinalamos con anterioridade–, é relativamente frecuente, ao menos nos textos máis antigos, no caso de certas clases de cláusula subordinada (tal como as condicionais e as de relativo) e/ou de complexo verbal (tal como *querer* + infinitivo) (Monteagudo 2008c). Así e todo, nos propios textos en foco se constata que tamén era posible a secuencia VO, mesmo nas subordinadas condicionais e de relativo: *que a nós cumpra nosso foro en paz* (n° 3); *se quiserdes chantar arbores* (n° 3); *se a nós nõ quisermos comprar* (n° 3).

#### 4. ESCRITA PERIFÉRICA E FRONTEIRIZA (N° 9 E 14 / 15)

Aínda que na nosa mostra temos máis exemplos de textos do galego oriental e fronteirizos, os que na nosa opinión mellor serven para caracterizar lingüisticamente tanto a primeira variedade (galego-oriental) coma a segunda (galego fronteirizo) son respectivamente o n° 9, procedente das terras orientais da provincia de Ourense, e os números 14 e 15, procedentes do mosteiro de Castañeira, da outra banda da fronteira administrativa actual entre as provincias de Ourense e Zamora (pero lémbrese que no período estudado, ambas as comarcas pertencían á diocese de Astorga). Tamén resulta de interese neste punto ter en conta o n° 18, de Vilafranca do Berzo, e os n° 20, 21 e 29, de Sobrado de Trives<sup>23</sup>.

Trazos relevantes do texto n° 9 (1244) son a variante *estos* (véxase máis abaixo), as formas que poñen de manifesto a caída do [n] intervocálico, aínda que con vacilacións gráficas (*homèes-omees*, *marraas*, *lagua*, *Candaeda* / *Bona*, *centeno*, *panes*, *dineiradas*, *bonos*), e o mantemento do [l] intervocálico (*talega*, *calendas*; con todo, nótese en senso contrario o topónimo *Mamoela* < *mammula* + diminutivo *ella*); as formas do artigo determinado (*el carneiro*, *por el regueiro* - *o foro*; *la escoleita*; *los bonos omees*, *a los caseiros*, *á (?) lagua*; *da muller*, *dos casares*, *das sortes*; *pola talega* - *porla (?) Mamoela*, *ena*, *alos*), as variantes *ouer* 'ouuler' e *ouiron*, a grafía *xantaren*. Tendo en conta a limitada extensión da mostra, diríase que a base

<sup>23</sup> Unha achega xeral a esta documentación periférica e especialmente á fronteiriza, en Rodríguez Parada 2007. Véxase tamén Méndez 2007, quen estudo o chamado Tombo das Viñas de Ribadavia, un documento alternante galego / leonés.

lingüística do texto é unha variedade que presenta caída de [n] intervocálico, mantemento do [l] na mesma posición (a excepción a isto, *Mamoela*, explicaríase por tratarse dun topónimo), e artigo determinado *el-lo-o / la / los / las*. Ademais, poden sinalarse os castellanismos *dos*, por *dous* e *quien* por *quen*; quizais este sexa tamén o caso de *ouer*, pero *ouiren* suxire o uso de <o> para representar o ditongo, corrente nos textos primitivos (Monteagudo 2008b: 186-201).

De resto, a xeneralidade dos trazos remiten ao galego típico, ben que parte deles son compartidos polo leonés occidental: *lūbos*, con mantemento de *mb*; resultados das palatais en *melor*, *muler*, *escoleita*, *xantaren*; aditongación (*boi*, *osas*, *foro*, *fore*; *quere*, *quiseren*, *uiron*), ditongos *ei* (*dineiradas*, *carneiro*, *caseiro*, *escoleita*, *dereito*...), *ou* (*outra*) e *ui* (*luitosa*, *fruta*, *muitos*), *ome*, *fame*, *morrrer*... No aspecto grafemático, chama a atención o emprego de <x> para a africada dentopalatal, uso relativamente insólito que de contado veremos reaparecer no texto n° 14. Finalmente, canto a formas híbridas latino-romances, chaman a atención a aparición de *ad* como artigo determinado feminino nun treito en latín (*ad uxor eius Marina Petriz*; a construción repítese tres veces no mesmo treito), o pseudolatínismo *cocto* (por *cautu* 'coutho') e a a forma *malediciō* nun enunciado en latín (por *maledictionem*, pois a construción esixe uso do acusativo: *abeat malediciō*).

No caso dos textos 14 e 15, está claro que o fondo lingüístico é galego, aínda que algúns trazos son compartidos outra vez polo leonés occidental: aditongación das vogais medio-baixas (trazo característico do galego fronte ao leonés: *morte*, *uosso*, *tenēte*, *conuen*, *quero*, *vener*, *quiser*, *enferno*...), ditongacións, tanto primarias coma secundarias, características do galego (*mais*; *monesteiro*, *caualejro*, *Castanejra*, *escudeiro*, *preito*, *fejto*, *ey*, *mandei*; *eu*, *meu*; *foi*, *depois*; *dous*, *outro*, *coutho*, *sou*, *dou*, *outorgacion*, *Lourenzo*; *muitos*), mantemento do [e] átono nos finais de tipo *abade*, *erdade*, *salude*; palatalizacións consonánticas tipo *filo*, *melor* ('fillo', 'mellor') e *ia* e *seia*; resultado de *pl-* inicial (*xena*). No último exemplo, é de notar a grafía <x> para a africada dentopalatal, que xa vimos aparecer no n° 9. Compárese con <c> / <ch> en *cantares* / *chantar* no texto n° 3 (de 1233). Aquela grafía <x> aparece noutros documentos coetáneos leoneses centrais e orientais (Sahagún, 1245 *xenos* e 1258 *xosa*; León 1246 *xano* e 1260 *xamado*, véxase Staaff 1907: 240).

Endebén, no caso dos documentos de Castañeira, parece claro que a base lingüística presenta mantemento de [n] e [l] intervocálicos: *irmanos*, *una*, *monesteiro*, *pertenesce*, *mano*, *centeno*, *tenente*, *xena*, *donación*, *tener*, *uener*, *pertinencias*; *casales*, *salude*. Nestes textos a grafía <n> intervocálica non pode interpretarse como arcaizante (o que sería o caso do documento de 1244), pois non hai un só exemplo que testemuñe a caída de [n] intervocálico, sendo que abundan as ocasións en que podería darse. Por contraste, nos documentos de Sobrado de Trives temos *tenēte* (n° 20) e *monesteiro* pero *arcidiagò* (n° 20, 29), e mais alternancia no mesmo texto das variantes gráficas *moesteiro* / *monesteiro* (n° 21). No texto n° 18, de Vilafranca do Berzo, aparecen *tenēte* e *canoligo*, pero tamén *termios*, que testemuña a caída do [n] intervocálico.

Para o artigo determinado, os textos de Castañeira, ademais de ofrecerem as formas *el* (*del*, *al*) / *la*, *los*, *eno* / *enos* –as máis abundantes nos dous documentos–, que, ao menos na época e nos contextos morfolóxicos en que aparecen, poden considerarse comúns ao galego oriental e ao leonés occidental, dunha banda presentan formas inequivocamente leonesas, como *ela*, *elos*, e doutra as claramente galegas *o* (*do*) / *os* (*dos*). No texto n° 18, a que acabamos de referirnos, tamén son de notar as formas do artigo determinado e pronome de terceira persoa obxecto directo: *lo qual*, *el aniuersario*, *el rey*, *la carta*, *la regina*, *las quales*, *las casas*, *a la*, *en la* - *en lo*, *por la*, *vendila*, *lo paguē*. Unha forma de tipo claramente leonés, *ela*, tamén se rexistra nun documento procedente de Sobrado de Trives (n° 21).

## 5. CONCLUSIÓNS

No presente traballo tentamos internarnos no complexo proceso de emerxencia da *scripta* galega, centrándonos no estudo do rexistro notarial e no período de transición a partir da

*scripta* latino-galega medieval. Caracterizamos a escrita do período de transición polo trazo de borrosidade, que se expresa en dúas características fundamentais: a) inestabilidade, e b) interlectalismo. O proceso de emerxencia pode entenderse como un progresivo avance desde ese estadio de borrosidade cara a unha maior focalización. Propuxemos analizar por separado dúas compoñentes da *scripta*, a grafemática e a propiamente lingüística, e tres aspectos fundamentais do devandito proceso: (a) compactación, isto é, redución da heteroxeneidade idiomática dos textos (interlectalismo), mediante a limitación dos fenómenos de interferencia e hibridación lingüísticas, manifestados na alternancia e mestura de códigos; (b) autonomización fronte ao latín; e (c) individuación fronte ao leonés e ao castelán. Como mostramos, trátase de aspectos interrelacionados, pero dun xeito máis complexo do que un modelo sinxelo de *gradatum* interlectal en escala implicacional nos podería, *a priori*, facer agardar.

O estudo do primeiro aspecto permitiunos clasificar os textos nas seguintes categorías: (A) textos latino-galegos, con interferencias; (B) textos translectais ou difusos; (C) textos bilectais ou parcelados; (D) textos plenamente galegos, con interferencias. As categorías B e C son as cruciais para o noso estudo. A análise do segundo aspecto permitiunos distinguir na categoría B, as modalidades de escrita (a) heterónoma e (b) semi-heterónoma; e na categoría C, as modalidades de escrita (c) semiautónoma e (d) autónoma. Finalmente, a análise do terceiro aspecto permitiunos distinguir, dentro das categorías C e D, textos galegos típicos (con ou sen interferencias doutros romanzos), textos periféricos (correspondentes a variedades diatópicas non típicas do galego), textos fronteirizos (con ou sen interferencias lingüísticas e formas híbridas) e textos alternantes interromances e/ou interferidos. A seguir, concentrámonos nas modalidades (a), (b) e (c), que son as que presentan máis dificultades e están no cerne do proceso.

Os textos translectais (B) parecen remitir a unha base lingüística claramente romance, o que queda de manifesto na súa sintaxe, pero na morfoloxía e a grafémica ofrecen simultaneamente alternancia e mestura de códigos, isto é, unha maraña de formas gráficas latinas e galegas, con numerosos híbridos. Na modalidade que propomos denominar escrita heterónoma (a), o elemento gráfico e morfolóxico latino ten un peso moito máis evidente do que o romance. Pola contra, na modalidade que aquí denominamos semi-heterónoma (b), o elemento gráfico e morfolóxico romance pesa máis do que o latino. Endebén, na primeira, inesperadamente, as formas romances ou arromanzadas ofrecen, aínda que de xeito asistemático, algunhas solucións gráficas que en boa parte pre-anuncian as da escrita elaborada, isto é, son relativamente máis innovadoras cás da modalidade de escrita semi-heterónoma. Pola súa banda, na segunda, aparecen variantes morfolóxicas innovadoras que raramente se rexistran na modalidade plenamente romance. É por isto que o modelo de *gradatum* lineal ofrece unha imaxe inadecuada do proceso evolutivo.

As principais innovacións gráficas que, moi irregularmente, aparecen na compoñente romance da modalidade de escrita heterónoma son (§ 2.1): (1) emprego de <z> para as consoantes (primitivamente) africadas dentais, aínda que alternando con outras solucións máis conservadoras como <ti>, <tj>, <ci>, e en posición final <-t>; (2) uso do dígrafo <ch>, ao lado de <ci> para a africada dentopalatal; (3) repercusión gráfica esporádica da caída de [l] e [n] intervocálicos; (5) graffas de tipo <ei> e <ou> para os ditongos, ao lado das máis conservadoras <ac>-<ec> e <au>-<o> respectivamente; (6) uso esporádico de <y>. As principais innovacións morfolóxicas que rexistramos na modalidade de escrita semi-heterónoma (§ 2.2) son as variantes *mina* 'miña' (e quizais *uiuir*) no texto nº 5; *figu*, *dixu* e *dixesi* no texto nº 7 e *disu* no texto nº 8.

Probablemente o punto máis discutible da nosa proposta (unha vez aceptada a súa pertinencia xeral) sexa a distinción entre a modalidade semi-heterónoma (b) e a semi-autónoma (c), particularmente tendo en conta a proximidade de solucións entre os textos nº 7 (que consideramos na primeira destas) e nº 10 (que xustifica o establecemento da segunda). Os trazos que nos parecen consentir tal división son fundamentalmente (§ 2.2 e § 2.3): (1) na modalidade semi-heterónoma, latín e galego están fortemente entremeados, mentres que na semi-autó-

noma, o latín ten moita menor presenza, e a alternancia de códigos está máis claramente parcelada (o latín áchase acoutado no escatocolo); (2) no texto nº 10, a caída do [n] intervocálico repercútese na grafía con moita frecuencia, ademais recorrendo (aínda que de xeito irregular) a recursos novidosos, coma o uso das plicas e o til; (3) dáse un uso innovador de <z>, palmariamente anti-etimolóxico; (4) aparece, aínda que paseniño, o <y>, ausente dos textos nº 5, 7 e 8.

En recapitulación xeral, os puntos críticos que rexistramos, de acordo ao xa sinalado por outros investigadores (en particular véxase Cintra 1990 e Martins 1999, 2004 e 2007) atinxen a dous planos: o morfo-gráfico e o fónico-gráfico. De acordo cos nosos resultados, no primeiro salientan:

- 1) A deslatinización na escrita foi máis rápida na morfoloxía flexional dos substantivos e adxectivos.
- 2) A deslatinización na escrita da morfoloxía flexional das formas persoais do paradigma verbal foi posterior á dos nomes.
- 3) A latinización gráfica dos pronomes persoais, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos resistiu con máis forza do que a verbal.
- 4) As clases de palabras invariables, en particular preposicións e conxuncións, foron as que resistiron máis duradeiramente con forma gráfica latina ou alatinada.

Canto ao plano fonográfico, subliñamos:

- 5) No vocalismo, a representación conservadora das vogais medio-altas [e] e [o], tanto tónicas, como, sobre todo, átonas, foi <i> e <u> nos textos escritos en modalidades máis conservadoras; na escrita romance plena, esas grafías son insólitas para as vogais tónicas e claramente obsolescentes para as átonas.
- 6) A representación conservadora dos ditongos, en particular *ei* e *ou* foi variable (tamén dependendo do étimo): preferentemente <e> ou <ac> / <ec> para o primeiro, e <o> ou <au>, <oc> para o segundo. Na escrita romance, tenderon a xeneralizarse as grafías <ey> (<ei> / <ej>) e <ou>, ben que con pervivencias das grafías arcaicas.
- 7) A caída de [l] e [n] intervocálicos non foi representada senón esporadicamente; no caso do segundo, tardou en atoparse unha maneira de representar a nasalidade da vogal anterior ou do hiato vocálico resultante, mediante plicas, e máis raramente, mediante til. Os dous últimos procedementos foron de uso común (pero non xeral) na escrita romance autónoma, na cal, en todo caso, as formas con conservación gráfica de <l> e <n> tenden claramente a decaer.
- 8) Para a representación das (primitivas) africadas dentais, rexístranse dúas novidades: <z> e <ç>. A primeira, <z> conviviou con solucións máis conservadoras, do tipo <ci> e <ti>, e en final de palabra, <-t>; que tenderon a decaer na escrita plenamente romance. Máis novidoso aínda, o uso de <ç> caracteriza a escrita plenamente autónoma, ben que a súa difusión foi lenta e irregular.
- 9) Para a representación da africada dentopalatal, a innovadora <ch> tivo que imporse a solucións máis tradicionais, en particular <ci>, que viña empregándose nos nomes propios (e seguiu tendo certo uso neles), e no oriente, <x>.
- 10) O uso do grafo <y> constituíu unha notable innovación, puramente gráfica; nos textos plenamente romances remataría empregándose (aínda que non con carácter xeral) sobre todo para a semivogal dos ditongos decrecentes (*ay*, *ey*, *oy*, *uy*) e a vogal [i] en hiato (*oyr*), con menor frecuencia para a sibilante prepalatal (*seya*).

Tendo en conta o carácter extremadamente esvaradío da situación de transición scrip-  
tolingüística, manifestado na volatilidade das solucións rexistradas e no azaroso das súas  
posibles co-ocurrencias, parece lóxico preguntarse pola viabilidade de efectuar unha clasi-  
ficación minimamente consistente. Despois do que acabamos de dicir, semella indubitable  
que a resposta será negativa se entendemos por *modalidades scriptolingüísticas* variedades  
lingüísticas de corpo enteiro (isto é, cunha correspondencia máis ou menos certa na lingua  
falada), ben definidas e fixadas. Pero pode ser positiva se por tales *modalidades* entendemos,  
coma no presente traballo, rexistros altamente especializados, *exclusiva ou basicamente da  
escrita*, con carácter transicional, só minimamente –e quizais desigualmente– consistentes e  
estabilizados, e que por tanto ofrecen ampla marxe para a aparición de solucións circunstan-  
ciais, improvisadas, e moitas veces de existencia efémera. En todo caso, estamos certos de que  
ao enfrontarnos a textos coma os estudados no presente traballo, producidos en situacións  
caracterizadas por un elevado grao de difusividade, resulta aconsellable suspender os marcos  
perceptivos e conceptuais propios das situacións lingüísticas altamente focalizadas, valedei-  
ros só para estas.

Finalmente, non se nos escapa que a proposta que presentamos se estea nun número moi  
reducido de textos, que ademais estes cobren unha franxa cronolóxica estreita e que ofrecen  
un espectro limitado de tipos textuais, sexa do punto de vista diplomático sexa do punto de  
vista máis xeral de xéneros de escrita. De todos os xeitos, a impresión que obtemos dunha lec-  
tura máis rápida de moitos outros textos do período, coidamos que corrobora a nosa proposta.  
Obviamente, esta só se poderá dar por validada despois dunha exploración que abrangue unha  
mostra documental máis abundante, máis ampla na cronoloxía e máis diversa canto a tipos  
lingüísticos e textuais. Tal tarefa reborda as nosas posibilidades e os obxectivos do presente  
contributo, que se ofrece como unha aproximación inicial ao asunto.

En definitiva, somos conscientes de que a proposta que adiantamos é debatible e en todo  
caso precisa dun maior refinamento. Secomasí estamos convencidos de que resulta pertinen-  
te, pois ofrece vías de análise que esclarecen aspectos importantes do fenómeno en foco, e  
xulgamos que a tipoloxía proposta é de aplicación ao corpus textual do período de transición  
e emerxencia da *scripta* galega medieval.

## APÉNDICE: TÁBOA DE TEXTOS

### Notas:

- A numeración dos documentos remite á nosa colección e é correlativa á súa respectiva antigüidade.
- Na data damos ano / mes / día, cando constan. Nótese: (a) se o ano vai entre parénteses, o documento carece de data; (b) o signo de interrogación <?> indica data dubidosa; (c) a frecha > sinala que o documento non foi transmitido en orixinal, senón mediante copia posterior; neste caso, indícase tamén a data do traslado.
- Só dous documentos, os nº 16 e 17, levan expresa a localidade en que foron dados; no noso cadro esta aparece en cursiva. No resto dos documentos, a localización tentou determinarse tendo en conta a relevancia xeolingüística do dato: ou ben se localizan polo notario que subscribe (*not.*), ou ben se remite á colección diplomática de onde proceden (*col.*), ou, noutros casos, polos topónimos que aparecen no documento (*top.*). En moitos casos, son aplicables os tres criterios, noutros son aplicables dous deles, e por vía da regra os resultados confírmanse mutuamente. As indicacións abreviadas que se xuntan a cada topónimo remiten á provincia: Co = Coruña, Le = León, Lu = Lugo, Ou = Ourense, Po = Pontevedra, Za = Zamora.

Nº	DATA	LOCALIZACIÓN	EDICIÓN	ARQUIVO
1	[1225ca.]	Sobrado de Trives -Ou (col.)	Duro Peña 1967, nº 1 (pp. 58-59)	ACOu, monacais, nº 6147
2	1231 / 8 / 25	Melón -Po Ou (col.)	Souto Cabo 2003a, nº 5 (pp. 812-13)	AHN, Clero, 1441, nº 4
3	1233 / 2 / 4	Melón -Po Ou (col.)	Cambón 1957, nº 257 (pp. 925-26)	AHN, Clero, 1441, nº 11
4	[1234-36]	Ponteceso -Co (top.)	Martínez Salazar 1911, nº 1 (pp. 1-4)	ARG nº 312
5	1237 / 4 / 17	San Salvador de Lérez -Po (col.)	Souto Cabo 2006, nº 1 (pp. 77-78)	AHN, Clero, 1786, nº 18
6	[1239?]>1242	Vilar de Donas -Lu (top.)	Novo Cazón 1986, nº 20 (p. 219)	AHN, , Ord. Mil. 390, nº 199
7	1241 / 9	Penamaior -Lu (col.)	Souto Cabo 2006, nº 2 (p. 78)	AHN, Clero, 1216, nº 9
8	[1200-43]	Ferreira de Pallares -Lu (col.)	Souto Cabo 2006, nº 4 (pp. 79-80)	AHN, Clero, 1082, nº 18
9	1244 / 1	Vilaboa (A Veiga) -Ou (top.)	Ferro Couselo 1967, nº 1 (pp. 13-14)	AHU, Sta. Clara, C6, nº 1
10	1247 / 4 / 6	Ferreira de Pallares -Lu (col.)	Rey Caiña 1985, nº 105 (pp. 427-28)	AHN, Clero, 1086, nº 3
11	1250 / 2	Montederramo -Ou (col.)	Ferro Couselo 1967, vol. I, nº 2 (pp. 14-15)	AHPOu Monted. C9, nº 2
12	1251 / 8 / 2	Oseira-Ou (col.)	Romaní 1989, vol. I, nº 662 (p. 621)	ACOu nº 675
13	1251 / 11 / 27	Allariz-Ou (col.)	C[astro] 1914, p. 23; Ferro Couselo 1967, vol. I, nº 3 (pp.15-16)	AHPOu Sta Clara C6, nº 2
14	1251	San Martín de Castañeira-Za (col.)	Rodríguez González 1970, nº 197 (pp. 363-64)	AHN, Clero, 3566, nº 13
15	1252	San Martín de Castañeira-Za (col.)	Rodríguez González 1970, nº 198 (pp. 364-65)	AHN, Clero, 3566, nº 14
16	1253 / 4 / 1	<i>Sevilla</i>	Monteagudo 2008b: 44	AHN, Clero, , Cat. Lugo 1328/G, nº5
17	1253 / 7 / 8	A Ramallosa-Po	Pallares/Portela 1971: 120; Montero-Santalha 2002: 197-200, Fernández Rodríguez 2004: 228.	AHN, Clero, 1801, nº 9
18	1254 / 9	Vilafranca-Le (top.)	Sponer 1932-34: 116	AHN, Clero, 1134, nº 20
36	1257 / 11 / 8	Ferreira de Pallares -Lu (col.)	Rey Caiña 1985, nº 51 (p. 349)	AHN, Clero, 1083, nº 23

**Táboa de textos.** Data, localización, edición e ficha arquivística dos documentos estudados. Elaboración Boullón / Monteagudo

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, Rosario (1994): "As formas do dativo e a expresión do número en galego medieval: *lle / lles, llo / llelo*", *Verba* 21, 133-166.
- Álvarez, Rosario (2004): "A variación *nosco* : *conosco* no galego medieval", *Verba* 31, 43-73.
- Álvarez, Rosario (2007): "Variación dialectal no período de emerxencia", en Boullón Agrelo (ed.), 373-397.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (1998): "Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*", en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. 1. Vigo: Galaxia, 29-58.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2004): "Catálogo de documentos éditos en galego anteriores a 1260", *Cadernos de lingua* 26, 5-46.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2005): "Consideracións sobre os primeiros textos escritos en galego na Idade Media", en A. I. Boullón Agrelo / J. L. Couceiro Pérez / F. Fernández Rei (eds.), *As tebras alumadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 45-68.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "A antroponimia nos textos documentais galegos ata o século XIII", en Boullón Agrelo (ed.), 603-623.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.) (2007): *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Monteagudo, Henrique (no prelo): *De uerbo a uerbo. Documentos en galego anteriores a 1260*.
- Cambón Suárez, Segundo (1957): *El monasterio de Melón (ss. XII y XIII)*. Tese de Doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Castro, Ivo (2004): "A primitiva produción escrita em português", en *Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León*, 2 vols. León: Centro de Estudios e Investigación 'San Isidoro', 69-97.
- C[astro], M[anuel] (1914): "Documentos históricos", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* 5, p. 23.
- Cintra, L. F. Lindley (1990): "Sobre o mais antigo texto não literário português: a *Notícia de torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário lingüístico)", *Boletim de Filologia* 31, 21-77.
- Duro Peña, Emilio (1967): "El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives", *Archivos Leoneses* XXI/41, 8-86.
- Emiliano, António H. / Pedro, Susana (2004): "De noticia de torto: aspectos paleográficos e scriptográficos e edição do mais antigo documento particular português conhecido", *Zeitschrift für romanische Philologie* 120, 1-81.
- Emiliano, António H. A. (2003): "Sobre a questão d'"os mais antigos textos escritos em português", en Castro, I / Duarte, I. (eds.), *Razões e emoção. Miscelânea de Estudos oferecida a Maria Helena Mira Mateus pela sua jubilação*, 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda; I, 261-278.
- Ferro Couselo, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, 2 vols. Vigo: Galaxia.
- Gutiérrez Pichel, Ricardo / Alexandra Cabana Outeiro (2007): "Parámetros para o estudo da introdución do romance na documentación notarial galega", en Boullón Agrelo (ed.), 129-157.
- Huber, Joseph (1986), *Gramática do Português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Lorenzo, Ramón (2003): "El gallego en los documentos medievales escritos en latín", en Hermógenes Perdiguer Villarreal (ed.): *Lengua romance en textos latinos de la Edad Media. Sobre los orígenes del castellano escrito*. Burgos: Universidad / Instituto de la Lengua Castellano y Leonés, 161-192.
- Lorenzo Vázquez, Ramón (2004): "Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XIV)", en R. Álvarez Blanco / F. Fernández Rei / A. Santamarina Fernández (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional*, vol. 3. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 27-153.
- Lorenzo Vázquez, Ramón (2007): "Os notarios e a lingua nos comezos da escrita documental en galego", en Boullón Agrelo (ed.), 313-72.
- Lorenzo, Ramón (2003): "El gallego en los documentos medievales escritos en latín", en Hermógenes Perdiguer Villarreal (ed.): *Lengua romance en textos latinos de la Edad Media. Sobre los orígenes del castellano escrito*. Burgos: Universidad / Instituto de la Lengua Castellano y Leonés, 161-192.

- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Martínez Salazar, Andrés (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Casa de la Misericordia.
- Martins, Ana Maria (1999): "Ainda 'os mais antigos textos escritos em português': documentos de 1175 a 1252", en I. Hub Faria (org.), *Lindley Cintra: Homenagem ao Homem, ao Mestre e ao Cidadão*. Lisboa: Cosmos / Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 491-534.
- Martins, Ana Maria (2001): "Emergência e generalização do português escrito. De D. Afonso Henriques a D. Dinis", en M<sup>a</sup> H. Mira Mateus (coord.), *Caminhos do Português*. Lisboa: Biblioteca Nacional, 23-71.
- Martins, Ana Maria (2004): "A emergência do português escrito na segunda metade do século XII", en R. Álvarez / A. Santamarina (eds.), *(Dis)cur-sos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 491-526.
- Martins, Ana Maria (2007): "O primeiro século do português escrito", en Boullón Agrelo (ed.), 161-184.
- Martins, Ana Maria / Albino, Cristina (1997): "Sobre a primitiva produção documental em português: notícia de uma notícia de auer", en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. 1. Vigo: Galaxia, 105-121.
- Méndez, Luz (2007): "Un texto da franxa oriental no Tombo das viñas de Ribadavia", en Boullón Agrelo (ed.), 429-445.
- Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, Henrique (2004): "Do uso á norma, da norma ao uso. Variación sociolingüística e norma no idioma galego", en R. Álvarez / H. Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 377-436.
- Monteagudo, Henrique (2007): "A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental. Unha panorámica histórica", en Boullón Agrelo (ed.), 275-312.
- Monteagudo, Henrique (2008a): "Sobre notarios e uso do romanzo na Galicia de mediados do século XIII. Ao lor da data dun documento en galego do tomo de Caaveiro", en X. L. Axeitos / E. Grandío Seoane / R. Villares, *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago: Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 1071-98.
- Monteagudo, Henrique (2008b): *Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Monteagudo, Henrique (2008c): "Sobre a evolución da orde de constituíntes do predicado do latín ao galego. O testemuño do foral do Burgo de Caldelas", en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 535-550.
- Novo Cazón, José Luis (1986): *El priorato santia-guista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pallares Méndez, M. Carmen / Ermelindo Portela Silva (1971): *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.
- Rey Caiña, Ángel (1985): *Colección Diplomática de Ferreira de Pallares*. Universidad de Granada, Tese de Doutoramento (inédita), 1985. Ed. en microficha.
- Rodríguez González, Ángel (1970): "El Tumbo del Monasterio de San Martín de Castañeda", *Archivos Leoneses* 24, 321-379.
- Rodríguez Parada, Raquel (2007): "Textos primitivos da franxa oriental", en Boullón Agrelo (ed.), 399-445.
- Romaní Martínez, Miguel (1989): *La colección diplomática de santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- Souto Cabo, José António (2003a): "Dinâmica da escrita romance na primeira metade do século XIII", en *Actas do XVIII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 795-814.
- Souto Cabo, José António (2003b): "Nas orixens da expresión escrita galego-portuguesa. Documentos do século XII", *Diacrítica* 17, 329-385.

- Souto Cabo, José António (2004a): "Novas perspectivas sobre a génese da *scripta* romance na área galego-portuguesa. Textos e contextos", *Aemilianense* 1, 569-599.
- Souto Cabo, José António (2004b): "A transição scipográfica na produção documental portuguesa de 1257 a 1269", en Ana Maria Brito / Olívia Figueiredo / Clara Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa. Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva*. Porto: Universidade do Porto, 361-83.
- Souto Cabo, José António (2006): "Inventário dos mais antigos Documentos Galego-Portugueses", *Agália* 85/86, 9-88.
- Sponer, Margot (1932-34): "Documentos antigos de Galicia", *Anuari de l'Oficina Románica de Lingüística i Literatura* 7, 113-192.
- Staaff, Erik (1907): *Étude sur l'ancien dialecte léonais d'après des chartes du XIII<sup>e</sup> siècle*. Uppsala / Leipzig: Almqvist & Wiksell / Rudolf Haupt [ed. facsimile Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, 1992].